

DEPARTAMENTO DE MÚSICA PROGRAMACIÓN

2019-2020

IES Plurilingüe Pedra da Aguiña
Camariñas

ÍNDICE:

| | |
|---------------------------|---|
| 1. Introdución e contexto | 8 |
| 2. Marco legal | 8 |

PROGRAMACIÓN MÚSICA ESO

| | |
|--|----|
| 3. Obxectivos da ESO e Obxectivos de área | 9 |
| 4. Contribución da materia á adquisición das competencias básicas. | 12 |

PROGRAMACIÓN 2º ESO

| | |
|---|----|
| 5. Obxectivos 2º ESO | 15 |
| 6. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | |
| 7. Distribución por bloques de contidos dos elementos da programación | |

7.1 Bloque 1: Interpretación e creación

| | |
|--|--|
| 7.1.1 Contidos | |
| 7.1.2 Criterios de avaliación | |
| 7.1.3 Estándares de aprendizaxe | |
| 7.1.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe | |
| 7.1.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave | |
| 7.1.6 Secuenciación das unidades didácticas | |
| 7.1.7 Temporalización | |
| 7.1.8 Procedementos e instrumentos de avaliación | |

7.2 Bloque 2: A escucha

| | |
|--|--|
| 7.2.1 Contidos | |
| 7.2.2 Criterios de avaliación | |
| 7.2.3 Estándares de aprendizaxe | |
| 7.2.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe | |
| 7.2.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave | |
| 7.2.6 Secuenciación das unidades didácticas | |
| 7.2.7 Temporalización | |
| 7.2.8 Procedementos e instrumentos de avaliación | |

7.3 Bloque 3: Contextos musicais

| | |
|--|--|
| 7.3.1 Contidos | |
| 7.3.2 Criterios de avaliación | |
| 7.3.3 Estándares de aprendizaxe | |
| 7.3.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe | |
| 7.3.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave | |
| 7.3.6 Secuenciación das unidades didácticas | |

7.3.7 Temporalización

7.3.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

7.4 Bloque 4: Música e tecnoloxías

7.4.1 Contidos

7.4.2 Criterios de avaliación

7.4.3 Estándares de aprendizaxe

7.4.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

7.4.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave

7.4.6 Secuenciación das unidades didácticas

7.4.7 Temporalización

7.4.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

8. Metodoloxía didáctica

8.1. Orientacións metodolóxicas para a materia

8.2. Estratexias

8.3. Actividades didácticas

8.4. Recursos e materiais

9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

13. Medidas de atención á diversidade

14. Concreción dos elementos transversais

15. Actividades complementarias e extraescolares programadas

16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

PROGRAMACIÓN 3º ESO

1. Obxectivos de 3º ESO 48

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

3. Distribución por bloques de contidos dos seguintes elementos da programación didáctica

3.1 Bloque 1: Interpretación e creación

3.1.1 Contidos

3.1.2 Criterios de avaliación

- 3.1.3 Estándares de aprendizaxe
- 3.1.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe
- 3.1.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave
- 3.1.6 Secuenciación das unidades didácticas
- 3.1.7 Temporalización
- 3.1.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

3.2 Bloque 2: A escoita

- 3.2.1 Contidos
- 3.2.2 Criterios de avaliación
- 3.2.3 Estándares de aprendizaxe
- 3.2.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe
- 3.2.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave
- 3.2.6 Secuenciación das unidades didácticas
- 3.2.7 Temporalización
- 3.2.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

3.3 Bloque 3: Contextos musicais

- 3.3.1 Contidos
- 3.3.2 Criterios de avaliación
- 3.3.3 Estándares de aprendizaxe
- 3.3.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe
- 3.3.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave
- 3.3.6 Secuenciación das unidades didácticas
- 3.3.7 Temporalización
- 3.3.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

3.4 Bloque 4: Música e tecnoloxías

- 3.4.1 Contidos
- 3.4.2 Criterios de avaliación
- 3.4.3 Estándares de aprendizaxe
- 3.4.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe
- 3.4.5 Relación dos contidos de área coas competencias clave
- 3.4.6 Secuenciación das unidades didácticas
- 3.4.7 Temporalización
- 3.4.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

4. Metodoloxía didáctica

- 4.1. Orientacións metodolóxicas para a materia
- 4.2. Estratexias
- 4.3. Actividades didácticas

- 4.4. Recursos e materiais
5. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado
6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
9. Medidas de atención á diversidade
10. Concreción dos elementos transversais
11. Actividades complementarias e extraescolares programadas
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

PROGRAMACIÓN 4º ESO

| | |
|---|----|
| 1. Obxectivos | 77 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | |
| 3. Distribución por bloques de contidos dos seguintes elementos da programación didáctica | |
| 3.1 Bloque 1: Destrezas musicais | |
| 3.1.1 Contidos | |
| 3.1.2 Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave | |
| 3.1.3 Temporalización | |
| 3.1.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe | |
| 3.1.5 Criterios de avaliación | |
| 3.1.6 Procedementos e instrumentos de avaliación | |
| 3.2 Bloque 2: Audición comprensiva | |
| 3.2.1 Contidos | |
| 3.2.2 Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave | |
| 3.2.3 Temporalización | |
| 3.2.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe | |
| 3.2.5 Criterios de avaliación | |
| 3.2.6 Procedementos e instrumentos de avaliación | |
| 3.3 Bloque 3: Teoría musical | |
| 3.3.1 Contidos | |
| 3.3.2 Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave | |

3.3.3 Temporalización

3.3.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

3.3.5 Criterios de avaliación

3.3.6 Procedementos e instrumentos de avaliación

3.4 Bloque 4: Creación e interpretación

3.4.1 Contidos

3.4.2 Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

3.4.3 Temporalización

3.4.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

3.4.5 Criterios de avaliación

3.4.6 Procedementos e instrumentos de avaliación

3.5. Bloque 5: Tecnoloxías aplicadas ó son

3.5.1 Contidos

3.5.2 Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

3.5.3 Temporalización

3.5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

3.5.5 Criterios de avaliación

3.5.6 Procedementos e instrumentos de avaliación

4. Metodoloxía didáctica

4.1. Orientacións metodolóxicas para a materia

4.2. Estratexias

4.3. Actividades didácticas

4.4. Recursos e materiais

5. Contidos

6. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

10. Medidas de atención á diversidade

11. Concreción dos elementos transversais

12. Actividades complementarias e extraescolares programadas

13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

14. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

PROGRAMACIÓN MÚSICA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación anual elabórase polo departamento de música do IES Plurilingüe Pedra da Agua para o curso 2018/2019, e corresponde ós cursos 2º, 3º e 4º de ESO, regulados pola LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa)

Durante o curso 2018-19 o departamento está formado por Federico Vázquez, funcionario de carreira da especialidade de música. Impartirá docencia nos cursos 2º, 3º e 4º de ESO.

2. MARCO LEGAL.

A programación foi elaborada de acordo coas seguintes disposicións legais:

Normativa estatal:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE 10/12/2013).
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Normativa autonómica (Galiza):

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE del 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bachillerato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

PROGRAMACIÓN ESO

3. OBXECTIVOS DA ESO E OBXECTIVOS DE ÁREA

Obxectivos da ESO

A finalidade da ESO consiste en lograr que o alumnado adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanísticos, artísticos, científico e tecnolóxico. Xunto a isto, nesta etapa débense desenvolver e consolidar hábitos de estudio e de traballo, preparando deste xeito ó alumnado para a súa incorporación a estudos superiores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- * Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimento, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
- * Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
- * Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- * Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
- * Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
- * Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a producción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.
- * Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prejuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demás.
- * Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións

artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

* Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.

* Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

* A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e doutras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto aos demás durante a escucha.

* Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e creación musical.

* Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Obxectivos de área

- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimientos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

- Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.

- Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias, e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal e interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

- Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, en especial de Galicia, sendo consciente das súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

- Utilizar e gozar do movemento e a danza, como medio de representación de imaxes, sensacións e ideas, e apreciarlas como forma de expresión individual e colectiva, dedicando especial atención ás danzas tradicionais de Galicia.

- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e goce da música.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a producción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.
- Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar os estereotipos e prexúzos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.
- Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outros linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
- Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e á da comunidade.
- Valorar o silencio e o son como parte integral do medio e da música, tomando consciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.
- Coñecer as distintas manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
- Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un derecho dos pobos e os individuos e desenvolver unha actitude de interese e respecto cara ao exercicio deste derecho.
- Desenvolver e consolidar hábitos de respeito e disciplina como condición necesaria para o desenvolvemento das actividades musicais.

4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Segundo a Orde ECD/65/2015, de 21 de Xaneiro) as competencias básicas son “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento

persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego". Identifícanse sete competencias clave esenciais:

- **Comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requieren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocriticá e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á competencia social e cidadá. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requieren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas

propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamiento e gravación do son relacionados, entre outros, coa producción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamiento da información áinda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

Esta materia traballa asemade para o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á competencia en comunicación lingüística, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Desde o punto de vista da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non

só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á competencia matemática poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

PROGRAMACIÓN 2º ESO

5. OBXECTIVOS 2º ESO

- Reforzar o coñecemento de elementos da linguaxe musical adquiridos na educación primaria, e avanzar no coñecemento de elementos novos, e empregalos en situacións de interpretación ou análise de obras musicais.
- Adquirir as habilidades precisas para seguir afondadando na capacidade de expresión a través da voz e dos instrumentos
- Apreciar a diversidade e os rasgos característicos de diferentes obras musicais coma forma de expresión e manifestación social.
- Aprender a utilizar as fontes de información musical para o coñecemento e disfrute da música.
- Aprender a terminoloxía básica da linguaxe musical co fin de comunicar , de forma oral e escrita, ideas propias e entender algúns dos procedementos e procesos musicais.
- Gozar da audición de obras musicais coma forma de comunicación e pracer persoal, e ampliar os seus gustos musicais.
- Manexo básico dun editor de partituras
- Gozar escouitando unha ampla variedade de audicións de distintos estilos, xéneros e da cultura musical propia.
- Asistir e participar activamente nos concertos en vivo que se organicen
- Recoñecer determinadas características (forma, textura, timbre, etc.) e facer unha análise descriptiva e crítica empregando un vocabulario axeitado.
- Seguir as audicións coa axuda de musicogramas ou partituras sinxelas.
- Empregar a voz, a frauta e os distintos instrumentos de percusión da aula para interpretar, expresar ideas e sentimentos musicais.
- Mellorar a coordinación motriz a través do movemento e a danza.
- Participar en grupo nas diferentes actividades musicais tanto na aula de música como fora dela.
- Improvisar sobre determinados motivos rítmicos ou melódicos cos instrumentos de clase.
- Crear pequenas melodías e facer arranxos rítmicos par acompañalos.
- Recoñecer as manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Tomar conciencia da interacción da música con outras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Valorar o silencio como marco imprescindible para o desenvolvemento do feito

musical e tomar conciencia da contaminación acústica.

6. CONTRIBUCIÓN AO DESEVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) | CONTRIBUCIÓN |
|---|--|
| SABER FACER | Nas clases de música a linguaxe utilizase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, da lectura sobre mulleres compositoras ou relacionadasalgún xeito ca música e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica. |
| Expresarse de forma oral en múltiples situacóns comunicativas. | |
| Comprender distintos tipos de textos: buscar, recompilar e procesar información. | |
| Expresarse de forma escrita en múltiples modalidades, formatos e soportes. | |
| Escoitar con atención e interese, controlando e adaptando a súa resposta aos requisitos da situación. | |
| SABER SER | A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacóns comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacóns sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc. |
| Estar disposto ao diálogo crítico e construtivo. | |
| Recoñecer o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia. | |
| Ser consciente da repercusión da lingua noutras persoas. | Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádanse nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical. |
| | Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira. |

| COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOGÍA (CMCT) | ACTUACIONES |
|--|---|
| SABER FACER | |
| Aplicar os principios e procesos matemáticos en distintos contextos. | Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnituds e a construcción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semiton, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta. |
| Analizar gráficos e representacións matemáticas. | |
| Interpretar e reflexionar sobre os resultados matemáticos. | |
| Tomar decisións baseadas en probas e argumentos. | |
| Emitir xuízos na realización de cálculos. | Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical. |
| Manipular expresións alxebraicas. | |
| Resolver problemas. | Descriptores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia: |
| SABER SER | |
| Respectar os datos e a súa veracidade. | Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, compreender o que ocorre ao noso arredor. |
| Asumir os criterios éticos asociados á ciencia e a tecnoloxía. | Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. |
| Apoiar a investigación científica e valorar o coñecemento científico. | <p>Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</p> <p>Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.</p> <p>Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.</p> <p>Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.</p> |

| COMPETENCIA DIXITAL (CD) | ACTUACIÓNS |
|--|---|
| <p>SABER FACER</p> <p>Utilizar recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.</p> <p>Buscar, obter e tratar información.</p> <p>Usar e procesar información de maneira crítica e sistemática.</p> <p>Crear contidos</p> | <p>Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.</p> <p>Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.</p> |
| <p>SABER SER</p> <p>Ter unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.</p> <p>Valorar as fortalezas e debilidades dos medios tecnolóxicos.</p> <p>Ter a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.</p> | |
| APRENDER A APRENDER (CPAA) | ACTUACIÓNS |
| <p>SABER FACER</p> <p>Estratexias de planificación de resolución dunha tarefa.</p> <p>Estratexias de supervisión das accións que o estudiante está a desenvolver.</p> <p>Estratexias de avaliación do resultado e do proceso que se leva a cabo.</p> | <p>Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.</p> |
| <p>SABER SER</p> <p>Motivarse para aprender.</p> <p>Ter a necesidade e a curiosidade de aprender.</p> <p>Sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.</p> <p>Ter a percepción de auto-eficacia e confianza en si mesmo.</p> | |

| COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC) | ACTUACIÓNS |
|--|---|
| SABER FACER | |
| Saber comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas e amosar tolerancia. | Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é más plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática. |
| Manifestar solidariedade e interese por resolver problemas. | |
| Participar de xeito construtivo nas actividades da comunidade. | |
| Tomar decisións nos contextos local, nacional ou europeo mediante o exercicio do voto. | |
| SABER SER | |
| Ter interese polo desenvolvimento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social. | As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvimento do sentimento de cidadanía global. |
| Ter disposición para superar os prexuízos e respectar as diferencias. | |
| Respectar os dereitos humanos. | |
| Participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis. | Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que exixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática. |

| SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIE) | ACTUACIÓNS |
|---|--|
| SABER FACER | |
| Capacidade de análise, planificación, organización e xestión. | Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal. |
| Capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. | |
| Saber comunicar, presentar, representar e negociar. | Descriptores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia: Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. |
| Facer avaliación e auto-avaliación. | Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. |
| SABER SER | |
| Actuar de forma creativa e imaxinativa. | Contaxiar entusiasmo porla tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos. |
| Ter autocoñecemento e autoestima. | Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. |
| Ter iniciativa, interese, proactividade e innovación, tanto na vida privada e social como na profesional. | Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian. Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías; ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais; grazas ás gabanzas do profesorado. Valorar e coidar a voz cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe. |

| CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC) | ACTUACIÓNS |
|---|--|
| SABER FACER | |
| Aplicar diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e de sentido estético. | A través da escucha e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a acercarse, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizarlas como fonte de enriquecimiento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pueblos. |
| Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. | Por unha banda, durante a escucha, desenvolvem a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriqueciéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamiento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre disponer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final. |
| Ser quen de emplegar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos. | Descriptores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia: |
| SABER SER | |
| Respectar o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades. | Expresar sentimientos e emocións mediante códigos artísticos. |
| Valorar a liberdade de expresión. | Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián. |
| Ter interese, aprecio, respecto e goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais. | Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertente (artístico-literaria, etnográfica, científico técnica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento. Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. |

7. DISTRIBUCIÓN POR BLOQUES DE CONTIDOS DOS SEGUINTE ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os bloques nos que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

- **Bloque 1** : interpretación e creación
- **Bloque 2** : escuta
- **Bloque 3**: contextos musicais e culturais
- **Bloque 4**: musica e tecnoloxía

7.1 BLOQUE 1: Interpretación e creación

7.1.1 CONTIDOS:

1. Os parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.
2. As características da voz e da palabra como medios de expresión musical
3. Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. A interpretación individual e en grupo.
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da compresión e interiorización da música.
7. As grañas e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
9. Experimentación e práctica das distintas técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento e a interpretación dun repertorio de danzas.
10. Práctica das pautas básicas de interpretación: silencio, atención ao director e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
11. Aceptación e cumplimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común
12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respecto ante outras formas de expresión.
13. A improvisación, elaboración de arranxos e a composición como recurso para a creación musical.
14. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización ou lectura de partituras.
15. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal

e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de produción audiovisuais.

7.1.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.
2. Distinguir e utilizar os elementos de representación gráfica da música (colocación da notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc)
3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas más sinxelas e os ritmos más comúns
4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumplindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros.
6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes roles, intentando concertar su acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa común.

7.1.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. (CCEC, CCL)
2. Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura o a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. (CMCCT, CCEC)
3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. (CMCCT, CCEC)
4. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc). (CCEC)
5. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas más sinxelas e os ritmos más comúns. (CSIEE,CCEC)
6. Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. (CAA;CCEC)
7. Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas para o coidado da voz, o corpo e os instrumentos. (CCEC)

8. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. (CCEC)
9. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. (CCEC)
10. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. (CCEC)
11. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. (CAA)
12. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. (CCEC)
13. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros. (CSIEE)
14. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. (CCEC)
15. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)
16. Mostra apertura e respecto cara as propostas do profesorado e dos compañeiros. (CSC)
17. Practica as pautas de interpretación: silencio, atención ao director e aos compañeiros e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando un espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. (CSC)
18. Participa de maneira activa e agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa.(CSC)

7.1.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Recoñece os parámetros do so e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada
2. Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura o a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
3. Identifica estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
4. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións

rítmicas e de tempo, etc)

5. Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas para o coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
6. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros.
7. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
8. Practica as pautas de interpretación: silencio, atención ao director e aos compañeiros e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando un espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
9. Participa de maneira activa e agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa.

7.1.5 RELACIÓN DOS CONTIDOS DE ÁREA COAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEEC)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)

7.1.6 SECUENCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidade 1: O son. Calidades do son.
- Unidade 2: Calidades do son: a altura
- Unidade 3: Calidades do son: a duración
- Unidade 4: Calidades do son: a intensidade
- Unidade 5: Calidades do son: o timbre

7.1.7 TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre

7.1.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.

- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- Elaboracións.

7.2 BLOQUE 2: A escoita

7.2.1 CONTIDOS

1. Utilización dos recursos necesarios para a compresión da música escoitada.
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.
4. Elementos que interveñen na construcción dunha obra musical: melodía, ritmo. Harmonía, timbre, textura, forma, tempo. Dinámica, etc.
5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ós demás durante a escoita.
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características e por ampliar as propias experiencias musicais.
7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

7.2.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.
2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
5. Identificar situación do ámbito cotiá nas que se produce en uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo solución.

7.2.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma, e os diferentes tipos de voces. (CCEC)

2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore, e doutras agrupacións musicais. (CCEC)
3. Sigue partituras como apoio a audición. (CCEC)
4. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. (CAA)
5. Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas. (CCL, CCEC)
6. Utiliza de xeito guiado diferentes recursos como apoio ao análise musical. (CCEC)
7. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinión musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)
8. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. (CSC)
9. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. (CSIEE, CD)

7.2.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma, e os diferentes tipos de voces.
2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore, e doutras agrupacións musicais.
3. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
4. Utiliza de xeito guiado diferentes recursos como apoio ao análise musical.

7.2.5 COMPETENCIAS CLAVE

- Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- Aprender a aprender (CAA)
- Comunicación lingüística (CCL).

7.2.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidade 5: Calidades do son: o timbre
- Unidade 6: A organización do son: ritmo, melodía, textura
- Unidade 7: A estrutura da música: a forma musical.

7.2.7 TEMPORALIZACIÓN

Segunda avaliação

7.2.8 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDEMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- Elaboracións.

7.3 BLOQUE 3: Contextos musicais

7.3.1 CONTIDOS

1. A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
2. Análise da música emplegada en diferentes tipos de espectáculos e producción audiovisuais.
3. A pluralidade de estilos na música actual. Características culturais, artísticas e formais.
4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creación musicais propias e alleas.
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores, concertos e producción musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
7. A música actual, novas tendencias, concertos en directo.

7.3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.
2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou “falar de música”.
5. Mostrar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os elementos creativos e innovadores dos mesmos.

7.3.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións de danza. (CCEC)
2. Distingue as diversas función que cumple a música da nosa sociedade. (CCEC)

3. Amosa interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas función expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. (CCEC)
4. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. (CCEC)
5. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)
6. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. (CCEC)
7. Contribúe á conservación, recuperación e transmisión do patrimonio musical galego colaborando na recollida, gravación e transcricións de pezas. (CCEC, CSIEE)
8. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. (CCL)
9. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)
10. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc, e realiza unha revisión crítica de ditas producción. (CD)
11. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. (CAA)

7.3.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1. Distingue as diversas función que cumple a música da nosa sociedade.
2. Amosa interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas función expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
3. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.
4. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
5. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
6. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

7.3.5 COMPETENCIAS CLAVE

- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7.3.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade 8: O contido e a función da música: o xénero musical

7.3.7 TEMPORALIZACIÓN

Segundo e Terceiro trimestre

7.3.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- Elaboracións.

7.4 BLOQUE 4: Música e tecnoloxías

7.4.1 CONTIDOS:

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escucha, a interpretación e a creación musical.
2. Aplicación de diferentes técnicas de grabación, analólica e dixital, para rexistrar as creación propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creación musicais propias e alleas.
6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.

7.4.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.
2. Utilizar de material funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical.

7.4.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Coñece algunha das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como

ferramentas para a actividade musical. (CD)

2. Participa na producción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, métodos e tecnoloxías. (CD, CSIEE)

3. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD)

7.4.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Participa na producción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, métodos e tecnoloxías.

7.4.5 COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia dixital (CD)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)

7.4.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidade 1: O son. Calidades do son.
- Unidade 2: Calidades do son: a altura
- Unidade 3: Calidades do son: a duración
- Unidade 4: Calidades do son: a intensidade
- Unidade 5: Calidades do son: o timbre
- Unidade 6: A organización do son: ritmo, melodía, textura
- Unidade 7: A estrutura da música: a forma musical.
- Unidade 8: O contido e a función da música: o xénero musical

7.4.7 TEMPORALIZACIÓN

Terceiro trimestre

7.4.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.

- Intervencións.
- Elaboracións.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

8.1. Orientacións metodolóxicas para a materia

- Implementaranse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co gallo de conseguir que todos acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. En particular, favorecerase o traballo individual e o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido nunha diversidade de contextos.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación obligatoria como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a preparación para a ampliación dos estudos. O alumnado da ESO debe adquirir, ademais, un manexo axeitado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
- Fomentarase a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
- A actividade docente fomentará a realización e exposición de tarefas por parte dos alumnos que esixan a aplicación de métodos de investigación apropiados.
- A acción docente incluirá as estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- O proceso de aprendizaxe esixirá a procura de información, a análise da información facilitada polo profesor ou buscada polo alumno, así como a capacidade de sintetizar a mesma e transmitila con corrección.
- Favorecerase a capacidade de expresarse correctamente en público por parte de los alumnos, tanto nas exposicións verbais como á hora de interpretar e acompañar distintas pezas, así como o uso do debate como recurso que permita a xestión da información e o coñecemento e o desenvolvemento de habilidades comunicativas. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto en no que se refire ao contido, como ao soporte.

- Recoméndase o uso do portafolio como ferramenta de avaliação continua, así como para potenciar a autonomía e o pensamento crítico nos alumnos.

A metodoloxía de Música será eminentemente práctica e mesmo sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada á correcta interpretación de pezas tanto vocais como instrumentais.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados coa análise de partituras, pezas, etc.

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS DE MÚSICA | | |
|--|---|--|--|
| PARTIR DA SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNO | <p>Empregaranse diversas técnicas (tormenta de ideas, resolución de cuestións, lecturas, escoitas previas...) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles errores na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir engadindo novos coñecementos de maneira lóxica.</p> | | |
| CONSTRUIR APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS E FUNCIONAIS | INSTRUMENTOS | Repaso dos coñecementos de linguaxe musical previos. | |
| | | Tarefas sistemáticas previas a abordar unha partitura. | |
| | | Grao de coñecemento das obras seleccionadas para a escoita. | |
| | | Valoración das ideas previamente formadas polo alumnado sobre a música moderna e a música galega. | |
| | | A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos –memoria comprensiva- e a súa funcionalidade, de xeito que poidan relacionalos coa súa contorna real. | |
| INSTRUMENTOS | | Realización de actividades de comprensión e motivación cunha secuencia lóxica e progresiva que xere un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos. | |
| | | Vinculación dos contidos coa contorna real do alumno, por exemplo a través da asistencia a concertos didácticos. | |
| | | Utilización de distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas mentais, etc.). | |

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS DE MÚSICA |
|--|--|
| APRENDER A APRENDER | <p>Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mesmo.</p> <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Selección de noticias e datos relevantes para cada unidade empregando as TIC. • Resolución de problemas utilizando os coñecementos adquiridos. • Realización de traballos de investigación sobre os aspectos más relevantes da música culta, da música popular e da música moderna, que en ocasións deberán expoñer en público, para favorecer a comunicación e a lingua xe escrita e oral. • Integraranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as redes sociais no desenvolvemento das distintas tarefas propostas, o que permitirá a consecución de coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa contorna dixital. |
| ATENDER A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS | <p>Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.</p> |
| | <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Plantexaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe más lentos e actividades de ampliación para os alumnos con ritmos de aprendizaxe más rápidos. • Empregarán recursos diversos e agrupamentos flexibles de alumnos e organizaranse e aproveitaranse adecuadamente os espazos. Aplicarase unha metodoloxía cooperativa na que o traballo se realiza en común por un grupo de alumnos, desenvolvéndose as tarefas en equipo. • Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares. |

8.2. Estratexias

A diversidade metodolóxica aconsella empregar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contenidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a acadar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizárnse esquemas, diagramas yemapas conceptuais, entre outros recursos.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrentar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestíons nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización dos valores actitudinales desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas suscitados.

As actividades a realizar poderán ser:

- A. Resolución de problemas ou exercicios.
- B. Comentario de texto.
- C. Realización de mapas mentais e esquemas.
- D. Visualización de diferentes modos de interpretación de partituras.
- E. Creación de partituras e acompañamentos sinxelos, guiados polo profesor.
- F. Actividades de investigación nas que o alumno/debe recoller información en Internet.
- G. Traballos monográficos.
- H. Outros.

8.3. Actividades didácticas

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da asignatura. Indicaranse os obxectivos e contidos más importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos dos alumnos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios, crucigramas, etc.

O expresado anteriormente tradúcirablese na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- **Introdución á unidade de traballo pra motivar aos alumnos/as.**

Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarse a súa relación co resto de contidos xa abordados ou áinda pendentes de estudo. Clarificarse o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedural e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:

- ⇒ Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.
- ⇒ Lectura do índice de contidos de cada unidade.

- **Análise dos coñecementos previos dos alumnos.**

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito preténdese predispoñelos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestíons iniciais poderanse realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

- ⇒ Plantexamento de actividades iniciais de comezo da unidade.
- ⇒ Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.

- **Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.**

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose nos apuntes. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dun xeito atractivo, clara, buscando a participación de todos os alumnos, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo no aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras en Internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e en especial **as clases invertidas**.

As clases invertidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode

consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedural dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

- **Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas.**

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o apreso. Estas actividades iranse suscitando a medida que se desenvolvan as unidades e dun xeito gradual, de menor a maior grado de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
- ⇒ Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe más lentos.
- ⇒ Actividades de ampliación más complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe más rápidos que requirirán un esforzo de indagación e do uso das TIC.
- ⇒ Actividades relacionadas coas clases invertidas.

- **Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.**

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.
- ⇒ Actividades de apoio e reforzo das clases invertidas.

- **Variedade de instrumentos didácticos.**

A presenza de distintos formatos (apuntes, recursos dixitais, textos, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

- **Resumo e síntese dos contidos da unidade.**

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaránse os contidos estudiados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso utilizaránse:

- ⇒ Preguntas que figuran ao final de cada unidade.
- ⇒ Actividades de ampliación e reforzo.
- ⇒ Ferramentas TIC para afondar os coñecementos.
- ⇒ Mapas conceptuais.

- **Criterios de avaliación e progreso do alumnado**

É moi importante comunicar con detalle ao alumnado os criterios de avaliação que aplicaremos, a súa temporalización e a súa instrumentalización. Neste sentido, farase saber sempre a puntuación asignada a cada actividade concreta e a cada cuestión ou exercicio de cada proba obxectiva (por escrito e de destreza interpretativa) que se realice. Para cada unidade, comentaremos co alumnado, o progreso que vai efectuando, as dificultades pendentes por superar e os conceptos, estándares e competencias nos que debe profundar. Isto permitiralle coñecer en todo momento a situación do proceso de aprendizaxe en que se atopa, facilitará a clarificación dos obxectivos pendentes por conseguir e fará que tome conciencia das súas posibilidades e das dificultades por superar, propiciando a construcción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.

Nesta proposta didáctica búscase a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliação. Con iso preténdese facer más dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos.

8.4. Recursos e materiais

Neste apartado cada profesor recollerá unha serie de materiais e recursos que permitan complementar e reforzar a súa actividade docente. A modo meramente orientativo menciónanse:

- ✓ **Libro de 2º ESO da Editorial Galinova, prestado polo departamento**
- ✓ **Material de consulta na aula e na biblioteca escolar.**
- ✓ **Revistas e periódicos.**
- ✓ **Outros recursos e materiais.**
- ✓ **Recursos TIC**
 - Recursos online na plataforma.
 - Ordenador con canón proxector.
 - Vídeos e curtos de películas.
 - Procesador de textos.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Software de notación musical.
 - Software de edición de audio/vídeo.

Ademais dos apuntes, utilizaranse outros recursos como : instrumentos musicais, partituras, presentacións en powerpoint proxeccións de vídeo e calquera material susceptible de facilitar o proceso de aprendizaxe.

A continuación enuméranse os recursos materiais xerais

1. Recursos pertencentes a aula:

Contarnos cunha aula de música con dotación musical da Xunta, máis o mercado polo departamento.

- Xilófonos e metalófonos soprano, contralto e baixo.
- Carillóns soprano e contralto.

: Timbal escolar grande e pequeno, bongós, pandeiro pequeno e mediano

Pequena percusión: Pandeireta, caixa chinesa, triángulos.

- Teclado electrónico, guitarra, atrís, frauta soprano, discos, vídeos..

Materiais aportados polos alumnos e que deben de traer as clases:

- caderno diario
- carpeta de partituras

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Como se indica na metodoloxía as clases serán nunha porcentaxe moi alta 60% prácticas. O fin da materia é levar á práctica os coñecementos adquiridos (musicais e actitudinais).

Co respecto o método de avaliación empregaránse estratexias de diferente índole dada a cantidade de elementos a avaliar. As diferentes ferramentas proporcionan información dende puntos de vista diversos.

1. Faranse **probas prácticas** onde se avaliarán as interpretacións dos alumnos cunha nota de 0 (se non fai a proba) ata 10. Nelas terase en conta o traballo diario, a evolución e tamén o resultado final. Ditas probas farán os alumnos de xeito individual ou en grupo dependendo de cada peza e valorarase o do ritmo, o mantemento do tempo e pulso, o axuste a melodía da partitura e a calidade do son. Estas probas suporán o 40% da nota final.

2. Realizaránse **probas escritas** individuais; dúas en cada avaliación e suporán o 40% da nota final. Ditas probas escritas serán puntuadas tamén de 1-10. Nelas recolleránse diversas cuestións sobre os conceptos impartidos e traballados na clase.

Respecto á valoración destes contidos terase en conta os seguintes **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Actividades escritas: caderno, traballos individuais e colectivos, probas escritas: 40%

Actividades prácticas: interpretación instrumental e vocal, creación musical e utilización de recursos dixitais, danza e expresión corporal: 40%

Aspectos actitudinais: 20%

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

- a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades nos tempos de lecer e na preparación e implicación na organización de actividades musicais.
- b. O tratamento á diversidade e os resultados obtidos. Analizando os resultados acadados.
- c. O protagonismo do alumnado. Teranse en conta se conseguín que os alumnos teñan a iniciativa na organización dos diversos concertos propostos durante o curso.
- d. Actividades na aula: Mediranse se as actividades propostas motivan e conseguén o seu obxectivo na programación.
- e. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos en cada grupo, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.
- f. A experiencia como docentes nos diferentes grupos , recollida na memoria de final de curso.

11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Materia pendente:

O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente dos diferentes cursos.

Repartirase os contidos mínimos en dúas partes e realizaranse dous exames ao longo do curso. No caso de non aprobar así, realizaranse tamén un exame final e, de ser o caso, outro exame extraordinario en setembro.

A principios de outubro o xefe de departamento reunirase cos alumnos de pendentes e explicaralles os plans de traballo para conseguir, cos diferentes exames de recuperación, acadar os obxectivos fixados.

En 2º ESO, como en terceiro teñen música, se superan a primeira avaliación de terceiro, recuperan a pendente de segundo. Se non a superasen, presentaríanse os exames arriba mencionados.

Exame de setembro

As probas extraordinarias de setembro serán análogas ás realizadas ao longo do curso e versarán sobre os contidos mínimos da materia impartida.

Haberá unha proba de carácter teórico e outra proba de carácter práctico. Na proba de carácter práctico o alumno interpretará tres cancións das traballadas durante o curso de 6 que debe preparar.

A cualificación irá de 0 ao 10 e para ser avaliado positivamente haberá de acadar a lo menos 5 puntos.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase en cada un dos grupos nas dúas primeiras semanas. Por niveis será a todos os alumnos, e realizada de forma conxunta polos profesores que dean nese mesmo nivel.

As medidas a adoptar de xeito colectivo serán decididas polo profesor de cada grupo en concreto, contando co departamento de orientación e atendendo ás necesidades dos discentes.

As probas consistirán en avaliar o coñecemento dos conceptos básicos de linguaxe musical e parámetros do son ademais de as súas destrezas a través de exercicios de pulso e ritmo básico. en diferentes grao de dificultade dependendo do nivel.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na nosa materia, a atención a diversidade é fundamental xa que as ferra entas nas que se basea (práctica vocal, instrumental e corporal) levan consigo unha importante porcentaxe de aptitude.

A atención parte das actividades cotiás, con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumnado e establecer a través da correspondente avaliación inicial as súas aptitudes e carencias.

Por outra banda na aula de música é habitual a existencia de agrupamentos do alumnado para a realización de diversas tarefas (creatividade, improvisación, práctica instrumental) o que pode propiciar a inclusión destes alumnos con dificultades no seo dun grupo máis compensado ou con outros de nivel similar.

De tódolos xeitos a atención a diversidade na aula e constante e na nosa materia moi necesaria pero sempre tendo en conta a integración. Dita integración e moi importante coidala sobre todo a hora de realizar as prácticas vocais e instrumentais en conxunto. En ditas obras sempre hai unha parte adecuada ós alumnos con maiores dificultades, pero integrada no conxunto da obra.

A programación contempla un tratamento xeral dentro da clase e integrado nas

mesmas do alumnado con necesidades educativas especiais: procedente doutras rexións ou países e con necesidades educativas especiais, discapacitados físicos e psíquicos.

Alumnos procedentes doutras rexións ou países:

Os que máis dificultades presentan na nosa materia son os que se lles une o descoñecemento do idioma coa carencia de coñecementos musicais

(por carecer deles no seu país de procedencia, ou por teren estas ensinanzas só un enfoque teórica). Neste caso daráselles un reforzo tanto a nivel práctico musical:

- Introdución ó manexo dos instrumentos.

- Introdución á lectura e uso do linguaxe musical

O nivel de vocabulario musical poderase aplicar en galego, castelán ou inglés.

Trala avaliación inicial o departamento coñecerá con que alumnos conta e a súa problemática e tomará as medidas oportunas. Tendo en conta as necesidades desde alumnado faremos:

C 1. Adaptación curricular. 2 alumnos de 2º ESO precisan adaptación, tanto nos contidos como na metodoloxía que se seguirá.

C 2. Actividades de reforzo no aula

Estamos a aplicar o protocolo establecido polo departamento de orientación para alumnos con dislexia e TDH diagnosticado. Como se contempla en dito protocolo adaptamos os exames ó alumnado que necesita este tipo de atención a diversidade.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A interdisciplinariedade da música facilita o tratamento da educación en valores. Na súa relación cos temas transversais, os contidos da materia para a ESO son tratados a partir de procedementos (sobre todo a audición, as expresións instrumentais, vocais e corporais) eminentemente prácticos, chegando dende eles a conceptos e prestando unha destacada atención as actitudes.

Con respecto a educación ambiental, esta é tratada en tódolos cursos

relacionada coa **contaminación acústica**. O ruído, a contaminación acústica é tratado como tema transversal día a día na nosa materia xa que a música require do seu antagonista o silencio para a súa execución.

Polo tanto as apartacións da música a educación ambiental pódense concretar a través do traballo da relación son-silencio. Tamén cos contidos relacionados coa construcción de instrumentos con materias de reciclaxe (2º ESO).

Con respecto a educación para a saúde temos en conta que a práctica musical realizase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o noso propio corpo. A través do movemento, incluído en tódolos cursos da ESO (agás 1º), obtense una posición e ton muscular correctos.

Vivimos día a día o coñecemento da voz e dos seus cambios que coinciden coa etapa da secundaria. Falase a cotío da necesidade da hixiene vocal ,(non berrar...) promovendo a adopción de hábitos de vida más saudables evitando vicios que afecten o aparato fonador e respiratorio. A través dos contidos de anatomía e fisioloxía do oído e do aparato fonador trátase a necesidade de adoitar condutas determinadas na hixiene e coidado dos órganos da audición.

Se falamos da igualdade de sexos, a educación musical non está relacionada co sexo xa que todos se poden expresar por igual a través dela. A través da música pódese ver a necesidade de complementariedade dos dous sexos a hora do canto o baile.

Ben é certo que os contidos de 3º Eso non axudan moito a este equilibrio xa que a historia musica é a historia dos compositores (homes) . Polo tanto queda na nosa man incluír sempre que sexa posible novas figuras compositoras femininas das diferentes épocas.

Con respecto a educación para a paz e a tolerancia, este tema transversal mantén unha presenza constante na programación a través

dunha dobre vertente:

1. De cara as persoas do entorno (respectando as normas á hora da práctica musical)
2. As diferentes culturas estudiadas (a partir da práctica, audición de obras, construcción de instrumentos doutros lugares e zonas do lonxe).

Se falamos da educación para o ocio debemos ter en conta que debido o aumento do tempo libre faise necesario inculcar o alumno o sentido do ocio e o aproveitamento do tempo a través das actividades lúdico-musicais extraescolares.

Con respecto a educación do consumidor temos en conta que o consumo da música é algo habitual entre os adolescentes e que están influenciados polas mensaxes publicitarias e a moda. Por isto convén desenvolver neles una actitude crítica ante o fenómeno musical. O tratamento deste tema transversal realizase aumentando a consideración persoal de cara a música e costumes de Galicia, aumentando así a súa capacidade de elección a hora de consumir música. Tamén comprendendo a beleza doutras culturas.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

O Dpto. estudará a posibilidade de facer actividades complementarias ou extraescolares . A proposta consiste na asistencia a concertos, como público e como intérpretes.

Celebrase na medida do posible o día da música cunha pequena actuación na vila de Camariñas, baixo o nome de "musiqueando", actividade coordinada en

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Este Departamento levará a cabo reunións mensuais sen prexuízo de calquera outras necesaria/s para coordinar, intercambiar experiencias ou tratar calquera tema que sexa considerado relevante.

Co obxectivo de mellorar cada ano a programación e adecuala ó noso alumnado no plan da avaliación da mesma o final de curso pasaremos una enquisa ó alumnado onde se recollen cuestións sobre os tópicos tratados nos indicadores de logro.

Ademais o departamento analizará:

- A porcentaxe de aprobados e das cualificacións obtidas polos alumnos.
- O nivel de coñecementos, lectura e interpretación acadado polo alumnado.

17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

- a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades propostas.
- b. Actividades na aula: Medirei se as actividades propostas motivan e conseguén o seu obxectivo na programación.
- c. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.
- d. A experiencia como docente no grupo que imparto, recollida na memoria de final de curso.

PROGRAMACIÓN 3º ESO

1. OBXECTIVOS 3º ESO

- 1- Escoitar obras do repertorio máis significativo da historia de música apreciando o seu valor como fonte de coñecemento e enriquecemento cultural e persoal, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias musicais.
- 2- Coñecer os principais xéneros e formas musicais dos períodos estudiados, así como os compositores máis representativos.
- 3- Recoñecer as principais características das obras musicais traballadas como exemplos da creación artística e o patrimonio cultural aplicando a terminoloxía apropriada para relacións entre a linguaxe musical e outros ámbitos do coñecemento, así como a función e o significado da música nos contextos estudiados.
- 4- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información (medios audiovisuais, Internet, textos, partituras) para o coñecemento e goce da música.
- 5- Desenvolver as distintas técnicas de interpretación (vocal, instrumental e de movemento) e creación musical, tanto individuais como en grupo.
- 6- Participar no desenvolvemento das actividades musicais con respecto e disposición para superar prexuízos e estereotipos, tomando conciencia, como membro do grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demás.
- 7- Participar no desenvolvemento das actividades musicais con respecto e disposición para superar prexuízos e estereotipos, tomando conciencia, como membro do grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demás.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Adóptase a denominación das competencias clave (definidas dende o punto de vista científico e explicitadas na Orde ECD/65/2015, de 21 de Xaneiro) como "aquellas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social

e o emprego". Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas).

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A contribución da asignatura de música á consecución das competencias citadas están pormenorizadas no apartado 6 da programación de 2º da ESO.

3. DISTRIBUCIÓN POR BLOQUES DE CONTIDOS DOS SEGUINTES ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os bloques nos que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

- **Bloque 1** : interpretación e creación
- **Bloque 2** : escucha
- **Bloque 3**: contextos musicais e culturais
- **Bloque 4**: musica e tecnoloxía

3.1 BLOQUE 1: Interpretación e creación

3.1.1 CONTIDOS:

- 1- Repaso dos elementos da representación gráfica da música.
- 2- A textura.
- 3- Procedimentos compositivos e formas de organización musical.
- 4- Experimentación e práctica das distintas técnicas do movemento e a interpretación dun repertorio variando as danzas.
- 5- Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- 6- Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respecto ante outras formas de expresión.
- 7- Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
- 8- Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e

interiorización da música.

- 9- Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das diferentes actividades que se realizan na aula.
- 10- Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.
- 11- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a, intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- 12- Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

3.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1- Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións ritmos e de tempo,etc.
- 2- Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os diferentes tipos de textura.
- 3- Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
- 4- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumplindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
- 5- Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros.
- 6- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, assumindo diferentes roles, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
- 7- Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.
- 8 – Coñecer os diferentes estilos compositivos da música clásica occidental, así como os compositores más representativos.
- 9 – Diferenciar diferentes estilos de música mediante a escoita activa

3.1.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1- Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da

música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo,etc. (CCEC)

2- Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura. (CCEC, CAA)

3- Comprende e identifica os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. (CCEC)

4- Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. (CAA)

5- Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. (CCEC)

6- Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. (CCEC)

7- Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. (CCEC)

8- Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. (CCEC, CAA)

9- Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. (CAA, CCEC)

10- Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros. (CSIEE)

11- Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. (CCEC, CSIEE)

12- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)

13- Mostra apertura e respecto cara as propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. (CSC)

14- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director, outros intérpretes,, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. (CSC, CSIEE)

15- Participa de maneira activa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa. (CSIEE, CAA)

16- Mostra interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre as

mesmas. (CCEC)

17- Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. (CD, CAA)

3.1.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións ritmos e de tempo,etc.

2- Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura.

3- Comprende e identifica os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.

4- Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

5- Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

6- Mostra apertura e respecto cara as propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.

7- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director, outros intérpretes,, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

8- Participa de maneira activa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa.

3.1.5 RELACIÓN DOS CONTIDOS DE ÁREA COAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Aprender a aprender (CAA).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.1.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Introdución: elementos para o análise musical.
- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.
- Unidade 4: Clasicismo.
- Unidade 5: Romanticismo.

- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.1.7 TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre

- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.

2º trimestre

- Unidade 4: Clasicismo.
- Unidade 5: Romanticismo.

3º trimestre

- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.1.8 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDEMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- valoracións.

3.2 BLOQUE 2: A escoita

3.2.1 CONTIDOS

- 1- Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- 2- Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
- 3- Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- 4- Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e creación musical.
- 5- Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas

características e por ampliar as propias preferencias musicais.

6- A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais da propia cultura musical e doutras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respeito aos demás durante a escucha.

7- Elementos que intervén na construcción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

8- Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

9- A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

10- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

11- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

12- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.

13- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais más significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

14- Épocas da historia da música: características principais, autores significativos, audicións con apoio de partitura, interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

15- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

16- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical o longo da historia.

3.2.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.

2- Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

3- Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

4- Reconocer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertenecen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.

5- Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo,

melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

3.2.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1- Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música. (CCEC, CAA)
- 2- Lee e analiza partituras como apoio á audición. (CCEC)
- 3- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. (CSC)
- 4- Mostra interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. (CAA)
- 5- Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. (CCEC, CMCCT)
- 6- Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. (CMCCT, CCEC)
- 7- Utiliza con autonomía diferentes recursos como apoio ao análise musical. (CAA)
- 8- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)

3.2.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1- Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música.
- 2- Lee e analiza partituras como apoio á audición.
- 3- Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

3. 2.5 COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.2.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.
- Unidade 4: Clasicismo.

- Unidade 5: Romanticismo.
- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.2.7 TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre

- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.

2º trimestre

- Unidade 4: Clasicismo.
- Unidade 5: Romanticismo.

3º trimestre

- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.2.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- valoracións.

3.3 BLOQUE 3: Contextos musicais

3.3.1 CONTIDOS

1-A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

2- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

3- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos,

compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

4- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.

5- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais más significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

6- Épocas da historia da música: características principais, autores significativos, audicións con apoio de partitura, interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

7- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.

3. 3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras culturas.

2- Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.

3- Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.

4- Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.

5- Valorar a asimilación e emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou “falar de música”.

6- Mostrar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os elementos creativos e innovadores dos mesmos ao longo da historia.

3.3.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- Expresa contidos musicais e os relaciona con épocas da historia da música e con outras disciplinas. (CCEC, CCL)

2-Recoñece e interpreta distintas manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. (CCEC, CMCCT)

3- Distingue e explica as diversas funcións que cumple a música na sociedade ao longo da historia. (CCEC, CCL)

4- Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte

de enriquecemento cultural e goce persoal elaborando algúun proxecto de investigación e exposición. (CCEC, CAA)

5- Relaciona as cuestións técnicas aprendidas enlazándoas ás épocas da historia da música correspondentes. (CCEC, CAA)

6- Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. (CCEC, CMCCT)

7- Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecemento históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. (CCEC,CCL)

8- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. (CCL)

9- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)

10- Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica de ditas producións. (CD)

11- Interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. (CAA)

3.3.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1- Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e goce persoal elaborando algúun proxecto de investigación e exposición.

2- Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás etapas da historia da música correspondentes.

3- Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.

3.3.5 COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.3.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.

- Unidade 4: Clasicismo.
- Unidade 5: Romanticismo.
- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.3.7 TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre

- Unidade 1: Antigüidade e Idade Media.
- Unidade 2: Renacemento.
- Unidade 3: Barroco.

2º trimestre

- Unidade 4: Clasicismo.
- Unidade 5: Romanticismo.

3º trimestre

- Unidade 6: Século XX.
- Unidade 7: Música e novas tecnoloxías.

3.3.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- valoracións.

3.4 Bloque 4: Música e novas tecnoloxías.

3.4.1 CONTIDOS:

- 1- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escucha, a interpretación e a creación musical.
- 2- Aplicación de diferentes técnicas de grabación, para rexistrar as creacións

propias, as interpretacións realizadas no contextos da aula e outras mensaxes musicais.

3- Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

4- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

5- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

3.4.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñible, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.

2- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical.

3.4.3 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- Coñece algunas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como ferramentas para a actividade musical. (CD, CCEC)

2- Participa en todos os aspectos da producción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionado, métodos e tecnoloxías. (CSC, CSIEE)

3- Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD, CAA)

3.4.4 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- Participa en todos os aspectos da producción musical demostrando o uso adecuado dos materiais, dos métodos e tecnoloxías.

3.4.5 COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.4.6 SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

3.4.7 TEMPORALIZACIÓN

3º trimestre

3.4.8 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROCEDIMENTOS DE APRECIACIÓN:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

INSTRUMENTOS DE VALORACIÓN:

- Rúbrica da unidade.
- Avaliación dos contidos, probas correspondentes.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes.
- Documentos gráficos ou textuais.
- Intervencións.
- Elaboracións.

4. CONCRECIONES METODOLÓXICAS

O desenvolvemento das clases de música asentaranse no aspecto práctico-teórico que require a materia. Ámbolos dous aspectos irán unidos, non concibidos como independentes en complementarase no proceso ensino-aprendizaxe.

Cada unidade irá acompañada como mínimo dunha interpretación instrumental ou vocal na que se traballen os aspectos conceptuais na práctica. No caso de 3º ESO (cuns contidos tamén históricos) cada unidade contará como mínimo cunha peza da época correspondente, arranxada polifonicamente para os diferentes instrumentos da aula a ser posible cunha evolución nas dificultades de texturas, ritmo, ámbito... ó longo do curso.

Dende o departamento considero que se deben abordar sempre que sexa posible tódolos conceptos musicais dende a práctica e esa será a nosa postura de cara á unificar os criterios do departamento.

Na metodoloxía entendese como ineludible a asistencia ós concertos didácticos e a participación dos nosos alumnos en concertos nos que eles sexan os intérpretes. Estes dous tipos de concertos convértense en algo puntual (3 ó ano)

pero non por iso menos importante de cara o desenvolvemento e preparación deses nas clases e a avaliación dos mesmos.

4.1. Orientacións metodolóxicas para a materia

- Implementaranse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co gallo de conseguir que todos acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. En particular, favorecerase o traballo individual e o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido nunha diversidade de contextos.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación obligatoria como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a preparación para a ampliación dos estudos. O alumnado da ESO debe adquirir, ademais, un manexo axeitado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
- Fomentarase a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
- A actividade docente fomentará a realización e exposición de tarefas por parte dos alumnos que esixan a aplicación de métodos de investigación apropiados.
- A acción docente incluirá as estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- O proceso de aprendizaxe esixirá a procura de información, a análise da información facilitada polo profesor ou buscada polo alumno, así como a capacidade de sintetizar a mesma e transmitila con corrección.
- Favorecerase a capacidade de expresarse correctamente en público por parte de los alumnos, tanto nas exposicións verbais como á hora de interpretar e acompañar distintas pezas, así como o uso do debate como recurso que permita a xestión da información e o coñecemento e o desenvolvemento de habilidades comunicativas. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto en no que se refire ao contido, como ao soporte.

- Recoméndase o uso do portafolio como ferramenta de avaliación continua, así como para potenciar a autonomía e o pensamento crítico nos alumnos.

A metodoloxía de Música será eminentemente práctica e mesmo sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada á correcta interpretación de pezas tanto vocais como instrumentais.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados coa análise de partituras, pezas, etc.

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓGICAS DE MÚSICA |
|---|---|
| PARTIR DA SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNO | <p>Empregaranse diversas técnicas (tormenta de ideas, resolución de cuestiós, lecturas, escoitas previas...) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles erros na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir engadindo novos coñecementos de maneira lóxica.</p> <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos coñecementos de linguaxe musical previos. • Tarefas sistemáticas previas a abordar unha partitura. • Grao de coñecemento das obras seleccionadas para a escoita. • Valoración das ideas previamente formadas polo alumnado sobre a música moderna e a música galega. |
| CONSTRUIR APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS E FUNCIONAIS | <p>A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos –memoria comprensiva- e a súa funcionalidade, de xeito que poidan relationalos coa súa contorna real.</p> <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades de comprensión e motivación cunha secuencia lóxica e progresiva que xere un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos. • Vinculación dos contidos coa contorna real do alumno, por exemplo a través da asistencia a concertos didácticos. • Utilización de distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas mentais, etc.). |

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓGICAS DE MÚSICA |
|------------|-------------------------------------|
|------------|-------------------------------------|

| | |
|--|--|
| APRENDER A APRENDER | <p>Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mismo.</p> |
| | <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Selección de noticias e datos relevantes para cada unidade empregando as TIC. • Resolución de problemas utilizando os coñecementos adquiridos. • Realización de traballos de investigación sobre os aspectos más relevantes da música culta, da música popular e da música moderna, que en ocasións deberán expoñer en público, para favorecer a comunicación e a linguaxe escrita e oral. • Integraranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as redes sociais no desenvolvemento das distintas tarefas propostas, o que permitirá a consecución de coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa contorna dixital. |
| ATENDER A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS | <p>Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.</p> |
| | <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Plantexaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos e actividades de ampliación para os alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos. • Empregarán recursos diversos e agrupamentos flexibles de alumnos e organizaranse e aproveitaranse adequadamente os espazos. Aplicarase unha metodoloxía cooperativa na que o traballo se realiza en común por un grupo de alumnos, desenvolvéndose as tarefas en equipo. • Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares. |

4.2. Estratexias

A diversidade metodolóxica aconsella empregar unha ampla gama de estratexias

didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquellas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contenidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a acadar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizárnse esquemas, diagramas yemapas conceptuais, entre outros recursos.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrentar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestiós nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización dos valores actitudinales desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas suscitados.

As actividades a realizar poderán ser:

- I. Resolución de problemas ou exercicios.
- J. Comentario de texto.
- K. Realización de mapas mentais e esquemas.
- L. Visualización de diferentes modos de interpretación de partituras.
- M. Creación de partituras e acompañamentos sinxelos, guiados polo profesor.
- N. Actividades de investigación nas que o alumno/debe recoller información en Internet.
- O. Traballo monográficos.
- P. Outros.

4.3. Actividades didácticas

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da asignatura. Indicaranse os obxectivos e contidos más importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos dos alumnos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios, crucigramas, etc.

O expresado anteriormente tradúcise na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- ***Introdución á unidade de traballo co aquel de motivar aos alumnos/as.***

Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de

proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarse a súa relación co resto de contidos xa abordados ou ainda pendentes de estudo. Clarificarase o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedural e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:

⇒ Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.

⇒ Lectura do índice de contidos de cada unidade.

- **Análise dos coñecementos previos dos alumnos.**

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito preténdese predispoñelos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestiós iniciais poderanxe realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

⇒ Prantexamento de actividades iniciais de comezo da unidade.

⇒ Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.

- **Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.**

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose nos apuntes. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dun xeito atractivo, clara, buscando a participación de todos os alumnos, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo no aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras en Internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e en especial **as clases invertidas**.

As clases investidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedural dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

- **Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas.**

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o apreso. Estas actividades iranse suscitando a medida que se desenvolvan as unidades e dun xeito gradual, de menor a maior grado de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
- ⇒ Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe más lentos.
- ⇒ Actividades de ampliación más complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe más rápidos que requirirán un esforzo de indagación e do uso das TIC.
- ⇒ Actividades relacionadas coas clases invertidas.

- **Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.**

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.
- ⇒ Actividades de apoio e reforzo das clases invertidas.

- **Variedade de instrumentos didácticos.**

A presenza de distintos formatos (apuntes, recursos dixitais, textos, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

- **Resumo e síntese dos contidos da unidade.**

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaránse os contidos estudiados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso utilizaranse:

- ⇒ Preguntas que figuran ao final de cada unidade.
- ⇒ Actividades de ampliación e reforzo.
- ⇒ Ferramentas TIC para afondar os coñecementos.
- ⇒ Mapas conceptuais.

- **Criterios de avaliación e progreso do alumnado**

É moi importante comunicar con detalle ao alumnado os criterios de avaliación

que aplicaremos, a súa temporalización e a súa instrumentalización. Neste sentido, farase saber sempre a puntuación asignada a cada actividade concreta e a cada cuestión ou exercicio de cada proba obxectiva (por escrito e de destreza interpretativa) que se realice. Para cada unidade, comentaremos co alumnado, o progreso que vai efectuando, as dificultades pendentes por superar e os conceptos, estándares e competencias nos que debe profundar. Isto permitiralle coñecer en todo momento a situación do proceso de aprendizaxe en que se atopa, facilitará a clarificación dos obxectivos pendentes por conseguir e fará que tome conciencia das súas posibilidades e das dificultades por superar, propiciando a construcción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.

Nesta proposta didáctica búscase a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliación. Con iso preténdese facer más dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos.

4.4. Recursos e materiais

Neste apartado cada profesor recollerá unha serie de materiais e recursos que permitan complementar e reforzar a súa actividade docente. A modo meramente orientativo menciónanse:

- ✓ **Apuntes proporcionados polo profesor**
- ✓ **Material de consulta na aula e na biblioteca escolar.**
- ✓ **Revistas e periódicos.**
- ✓ **Outros recursos e materiais.**
- ✓ **Recursos TIC**
 - Recursos online na plataforma.
 - Ordenador con canón proxector.
 - Vídeos e curtos de películas.
 - Procesador de textos.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Software de notación musical.
 - Software de edición de audio/vídeo.

Ademais dos apuntes, utilizaranse outros recursos como : instrumentos musicais, partituras, presentacións en powerpoint proxeccións de vídeo e calquera material susceptible de facilitar o proceso de aprendizaxe.

A continuación enuméranse os recursos materiais xerais

1. Recursos pertencentes a aula:

Contarnos cunha aula de música con dotación musical da Xunta, más o mercado polo departamento.

- Xilófonos e metalófonos soprano, contralto e baixo.
- Carillóns soprano e contralto.

Timbal escolar grande e pequeno, bongós, pandeiro pequeno e mediano Pequena percusión: Pandeireta, caixa chinesa, triángulos.

- Teclado electrónico, guitarra, atríis, flauta soprano, discos, vídeos..

Materiais aportados polos alumnos e que deben de traer as clases:

- caderno diario
- libreta de pauta musical

5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Como se indica na metodoloxía as clases serán nunha porcentaxe moi alta 60% prácticas. O fin da materia é levar á práctica os coñecementos adquiridos (musicais e actitudinais).

Co respecto o método de avaliación empregaranse estratexias de diferente índole dada a cantidade de elementos a avaliar. As diferentes ferramentas proporcionan información dende puntos de vista diversos.

Respecto á valoración destes contidos terase en conta os seguintes **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Actividades escritas: caderno, traballos individuais e colectivos, probas escritas: 40%

Actividades prácticas: interpretación instrumental e vocal, creación musical e utilización de recursos dixitais, danza e expresión corporal: 40%

Aspectos actitudinais: 20%

Aclarando os seguintes **CRITERIOS DE PROMOCIÓN:**

- a. A nota obterase de facer a suma dos tres apartados coas súas porcentaxes correspondentes (40% parte teórica, 40% parte práctica. 20% o traballo diario (punto 3)
- b. Unha cualificación inferior a 3,5 en calquera dos aspectos availables traerá

como consecuencia unha nota global de insuficiente

(4,3,2,1)

c. Cunha actitude valorada como negativa polo profesor non se fará media co resto de apartados e o alumno será valorado negativamente (Insuficiente). Dito criterio xustificase totalmente baseándonos na importancia do:

- Silencio como elemento imprescindible para a interpretación musical.
- Respeito ás interpretacións e intervencións do profesor e dos compañeiros.

d. Sen xustificante médico non se repetirán exames teóricos.

e. O departamento daralles a opción ós alumnos que teñan a avaliación suspensa de facer unha proba de recuperación na primeira semana da seguinte avaliación. En xuño farase unha proba de recuperación ós alumnos que teñan dúas avaliacións suspensas. Os que teñan tres (non recuperando ningunha ao longo do curso) deberán presentase a proba extraordinaria setembro.

f. A nota para aprobar a recuperación e os exames extraordinarios é o 5.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades nos tempos de lecer e na preparación e implicación na organización de actividades musicais.

b. O tratamento á diversidade e os resultados obtidos. Analizando os resultados acadados.

c. O protagonismo do alumnado. Teranse en conta se conseguín que os alumnos teñan a iniciativa na organización dos diversos concertos propostos durante o curso.

d. Actividades na aula: Mediranse se as actividades propostas motivan e conseguén o seu obxectivo na programación.

e. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos en cada grupo, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.

f. A experiencia como docentes nos diferentes grupos , recollida na memoria de final de curso.

7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Materia pendente:

O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente dos diferentes cursos. Tendo dous alumnos de terceiro con música pendente de segundo e tres alumnos en cuarto con música pendente de terceiro.

Repartirse os contidos mínimos en dúas partes e realizaranse dous exames ao longo do curso. No caso de non aprobar así, realizaranse tamén un exame final e, de ser o caso, outro exame extraordinario en setembro.

A principios de outubro o xefe de departamento reunirase cos alumnos de pendentes e explicaralles os plans de traballo para conseguir, cos diferentes exames de recuperación, acadar os obxectivos fixados.

En 3º ESO, como en 4º teñen música, se superan a primeira avaliación de 4º, recuperan 3º. Se non a superasen, presentáranse os exames arriba mencionados.

Exame de setembro

As probas extraordinarias de setembro serán análogas ás realizadas ao longo do curso e versarán sobre os contidos mínimos da materia impartida.

Haberá unha proba de carácter teórico e outra proba de carácter práctico. Na proba de carácter práctico o alumno interpretará tres cancións das traballadas durante o curso de 6 que debe preparar.

A cualificación irá de 0 ao 10 e para ser avaliado positivamente haberá de acadar a lo menos 5 puntos.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase en cada un dos grupos nas dúas primeiras semanas. Por niveis será a todos os alumnos, e realizada de forma conxunta polos profesores que dean nese mesmo nivel.

As medidas a adoptar de xeito colectivo serán decididas polo profesor de cada grupo en concreto, contando co departamento de orientación e atendendo ás necesidades dos discentes.

As probas consistirán en avaliar o coñecemento dos conceptos básicos de linguaxe musical e parámetros do son ademais de as súas destrezas a través de exercicios de pulso e ritmo básico, en diferentes grao de dificultade dependendo do nivel.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na nosa materia, a atención a diversidade é fundamental xa que as ferra entas nas

que se basea (práctica vocal, instrumental e corporal) levan consigo unha importante porcentaxe de aptitude.

A atención parte das actividades cotiás, con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumnado e establecer a través da correspondente avaliación inicial as súas aptitudes e carencias.

Por outra banda na aula de música é habitual a existencia de agrupamentos do alumnado para a realización de diversas tarefas (creatividade, improvisación, práctica instrumental) o que pode propiciar a inclusión destes alumnos con dificultades no seo dun grupo máis compensado ou con outros de nivel similar.

De tódolos xeitos a atención a diversidade na aula e constante e na nosa materia moi necesaria pero sempre tendo en conta a integración. Dita integración e moi importante coidala sobre todo a hora de realizar as prácticas vocais e instrumentais en conxunto. En ditas obras sempre hai unha parte adecuada ós alumnos con maiores dificultades, pero integrada no conxunto da obra.

A programación contempla un tratamiento xeral dentro da clase e integrado nas mesmas do alumnado con necesidades educativas especiais: procedente doutras rexións ou países e con necesidades educativas especiais, discapacitados físicos e psíquicos.

Alumnos procedentes doutras rexións ou países:

Os que máis dificultades presentan na nosa materia son ós que se lles une o descoñecemento do idioma coa carencia de coñecementos musicais (por carecer deles no seu país de procedencia, ou por teren estas ensinanzas só un enfoque teórica). Neste caso daráselles un reforzo tanto a nivel práctico musical:

- Introdución ó manexo dos instrumentos.
- Introdución á lectura e uso do linguaxe musical

O nivel de vocabulario musical poderase aplicar en galego, castelán ou inglés.

Trala avaliación inicial o departamento coñecerá con que alumnos conta e a súa problemática e tomará as medidas oportunas. Tendo en conta as necesidades desde alumnado faremos:

C 1. Adaptación curricular.

C 2. Actividades de reforzo no aula

Estamos a aplicar o protocolo establecido polo departamento de orientación para alumnos con dislexia e TDH diagnosticado. Como se contempla en dito protocolo adaptamos os exames ó alumnado que necesita este tipo de atención a diversidade.

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A interdisciplinariedade da música facilita o tratamento da educación en valores. Na súa relación cos temas transversais, os contidos da materia para a ESO son tratados a partir de procedementos (sobre todo a audición, as expresións instrumentais, vocais e corporais) eminentemente prácticos, chegando dende eles a conceptos e prestando unha destacada atención as actitudes.

Con respecto a educación ambiental, esta é tratada en tódolos cursos relacionada coa **contaminación acústica**. O ruído, a contaminación acústica é tratado como tema transversal día a día na nosa materia xa que a música require do seu antagonista o silencio para a súa execución.

Polo tanto as apartacións da música a educación ambiental pódense concretar a través do traballo da relación son-silencio. Tamén cos contidos relacionados coa construcción de instrumentos con materias de reciclaxe (2º ESO).

Con respecto a educación para a saúde temos en conta que a práctica musical realizase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o noso propio corpo. A través do movemento, incluído en tódolos cursos da ESO (agás 1º), obtense una posición e ton muscular correctos.

Vivimos día a día o coñecemento da voz e dos seus cambios que coinciden coa etapa da secundaria. Falase a cotío da necesidade da hixiene vocal ,(non berrar...) promovendo a adopción de hábitos de vida más saudables evitando vicios que afecten o aparato fonador e respiratorio. A través dos contidos de anatomía e fisioloxía do oído e do aparato fonador trátase a necesidade de adoitar condutas determinadas na hixiene e coidado dos órganos da audición.

Se falamos da igualdade de sexos, a educación musical non está relacionada co sexo xa que todos se poden expresar por igual a través dela. A través da música pódese ver a necesidade de complementariedade dos dous性os a hora do canto o baile.

Ben é certo que os contidos de 3º Eso non axudan moito a este equilibrio xa que a historia musica é a historia dos compositores (homes) . Polo tanto queda na nosa man incluír sempre que sexa posible novas figuras compositoras femininas das diferentes épocas.

Con respecto a educación para a paz e a tolerancia, este tema transversal mantén unha presenza constante na programación a través dunha dobre vertente:

1. De cara as persoas do entorno (respectando as normas á hora da práctica musical)
2. As diferentes culturas estudiadas (a partir da práctica, audición de obras,

construcción de instrumentos doutros lugares e zonas do lonxe).

Se falamos da educación para o ocio debemos ter en conta que debido o aumento do tempo libre faise necesario inculcar o alumno o sentido do ocio e o aproveitamento do tempo a través das actividades lúdico-musicais extraescolares.

Con respecto a educación do consumidor temos en conta que o consumo da música é algo habitual entre os adolescentes e que están influenciados polas mensaxes publicitarias e a moda. Por isto convén desenvolver neles una actitude crítica ante o fenómeno musical. O tratamento deste tema transversal realizase aumentando a consideración persoal de cara a música e costumes de Galicia, aumentando así a súa capacidade de elección a hora de consumir música. Tamén comprendendo a beleza doutras culturas.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

O Dpto. estudará a posibilidade de facer actividades complementarias ou extraescolares . A proposta consiste na asistencia a concertos, como público e como intérpretes.

Celebrase na medida do posible o día da música cunha pequena actuación na vila de Camariñas, baixo o nome de "musiqueando", actividade coordinada en Galiza e España o 26 de abril

12. MECANISMOS DE REVISIÓN. AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Este Departamento levará a cabo reunións mensuais sen prexuízo de calquera outras necesaria/s para coordinar, intercambiar experiencias ou tratar calquera tema que sexa considerado relevante.

Co obxectivo de mellorar cada ano a programación e adecuala ó noso alumnado no plan da avaliación da mesma o final de curso pasaremos una enquisa ó alumnado onde se recollen cuestións sobre os temas tratados nos indicadores de logro.

Ademais o departamento analizará:

-A porcentaxe de aprobados e das cualificacións obtidas polos alumnos.

-O nivel de coñecementos, lectura e interpretación acadado polo alumnado.

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

- a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades propostas.
- b. Actividades na aula: Medirei se as actividades propostas motivan e conseguén o seu obxectivo na programación.
- c. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.
- d. A experiencia como docente no grupo que imparto, recollida na memoria de final de curso.

PROGRAMACIÓN 4º ESO

1.OBXECTIVOS

- Reforzar o coñecemento de elementos da linguaxe musical adquiridos na educación primaria, e avanzar no coñecemento de elementos novos, e empregalos en situacóns de interpretación ou análise de obras musicais.
- Adquirir las habilidades precisas para seguir afondando na capacidade de expresión a través da voz e dos instrumentos
- Apreciar a diversidade e características de diferentes obras musicais coma forma de expresión e manifestación social.
- Aprender a utilizar as fontes de información musical para o coñecemento e goce da música.
- Aprender a terminoloxía básica da linguaxe musical co fin de comunicar , de forma oral e escrita, ideas propias e entender algúns dos procedementos e procesos musicais.
- Gozar da audición de obras musicais coma forma de comunicación e pracer persoal, e ampliar os seus gustos musicais.
- Manexo básico dun editor de partituras
- Gozar escouitando unha ampla variedade de audicións de distintos estilos, xéneros e da cultura musical propia.
- Asistir e participar activamente nos concertos en vivo que se organicen
- Recoñecer determinadas características (forma, textura, timbre, etc.) e facer unha análise descriptiva e crítica empregando un vocabulario axeitado.
- Seguir as audicións coa axuda de musicogramas ou partituras sinxelas.
- Empregar a voz, a frauta e os distintos instrumentos de percusión da aula para interpretar, expresar ideas e sentimentos musicais.
- Mellorar a coordinación motriz a través do movemento e a danza.
- Participar en grupo nas diferentes actividades musicais tanto na aula de música como fora dela.

- Improvisar sobre determinados motivos rítmicos ou melódicos cos instrumentos de clase.
- Crear pequenas melodías e facer arranxos rítmicos par acompañalos.
- Recoñecer as manifestacións musicais más significativas o patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Tomar conciencia da interacción da música con outras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Valorar o silencio como marco imprescindible para o desenvolvemento do feito musical e tomar conciencia da contaminación acústica.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Respecto ao desenvolvemento das **Competencias Clave** a materia de Linguaxe e Práctica Musical contribuirá do seguinte xeito:

A Competencia en Comunicación Lingüística CCL será traballada na exposición de traballos, tentando expresar as intencións na propia interpretación musical ou expresando as intencións dun compositor nunha obra determinada.

A CMCCT serán abordadas dende o aspecto matemático da Linguaxe musical en todo o relacionado co pulso, tempo, compases e equivalencias. A Competencia Dixital será reforzada no Bloque 5 desta asignatura “As novas tecnoloxías aplicadas ao son” onde traballaremos con diferentes software. Do mesmo xeito no resto dos bloques utilizaremos as procuras en Internet para a selección e tratamiento posterior da información.

A CAA será desenvolvida en todas as actividades de práctica vogal e instrumental onde é preciso unha retroalimentación para ir corrixindo e buscando un resultado sonoro. Na aprendizaxe instrumental non se pode falar de transmisión de coñecementos; sería máis correcto falar dun auto aprendizaxe dirixido, iso si, por un mestre. De aí que estes contidos reforcen especialmente esta competencia.

A Competencia Social e Cívica será desenvolvida en todos os traballos grupais onde o resultado final depende máis dun grupo que do traballo dunha soa persoa: bailes, interpretacións, etc.

A competencia en conciencia e Expresións Culturais será adquirida no que respecta a esta asignatura, polo traballo e a valoración do patrimonio musical de Galicia e de todas as expresións artísticas que teñen que ver coa música.

3. DISTRIBUCIÓN POR BLOQUES DE CONTIDOS DOS SEGUINTES ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3.1 Bloque I : destrezas musicais

Criterios de avaliación

1. Amosar interese polas propias capacidades vogais.
2. Respecto a interpretación en grupo, atendendo ás indicación do director.
3. Interese en acadar unha correcta afinación e empaste co resto do grupo.
4. Puntualidade
5. Asistir co material preciso para traballar.
6. Interese por mellorar os medios técnicos para facilitar unha mellor comunicación a través da música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Presentación de traballos en grupos para o resto da clase.

Probas escritas. (Exames)

Valoración dunha actitude axeitada e de respecto nas actividades grupais.

Manter o silencio para propiciar un bo ambiente de traballo.

Cantar e tocar individualmente algunha das obras do repertorio proposto.

Actuacións diante de outros alumnos do centro.

Elaboración de traballos, composicións ou materiais, segundo o tema que esteamos a tratar.

3.2 BLOQUE 2: AUDICIÓN COMPRENSIVA

Contidos

- 1.- Identificación do pulso, os acentos, os compases binarios, ternarios e cuaternarios. As duracións das diferentes figuras.
- 2.- O contratempo e a síncopa: su identificación dentro da audición.
- 3.- Identificación e transcripción dos acordes maiores e menores. A tonalidade.
- 4.- As texturas: monodia, contrapunto, homofonía.
- 5.-Escoita de música jazz, rock e pop dende as súas orixes (dixieland, blues, ragtime...) ata a actualidade (rap, grunge...). Formas características, instrumentos, autores e intérpretes.
- 6.- Escoita da música culta, dende as orixes da escritura (canto gregoriano) ata a actualidade: van gardas do S XX . Formas características, instrumentos, compositores e intérpretes.

Criterios de avaliación

Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra musical, e ser quen de interiorizalo.

Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e signos relacionados coa expresión musical.

Distinguir os elementos que integran unha obra música e poder falar de termos coma: textura, tonalidade ou tempo.

Recoñecer e valorar a música popular e a música culta coma unha evolución ao longo do tempo.

Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

Coñece as figuras e establece equivalencias entre elas. CMCCT

Escribe en cada compás 2/4, 3/4, 4/4, 6/8 as figuras correspondentes. CMCCT

Distingue unha tonalidade maior dunha tonalidade menor. CAA

Nunha serie de 10 audicións de música popular, ser quen de asignar 4 delas a un movemento ou a grupo musical determinado. CCEC

Ser quen de falar de forma ou de estilo nunha serie de audicións de música culta.

CCL

Contidos mínimos

Coñecer as figuras e compases

Distinguir entre modo maior e menor

Diferenciar xéneros de música popular.

Explicar algunha das formas musicais características da música clásica.

Temporalización

Os contidos do punto 1 ao 4 serán tratados ao longo de todo o curso.

O punto 5 referido a Historia da música pop, será tratado no 2º trimestre.

A H^a da música culta será tratada no 3º trimestre.

Procedimentos e instrumentos de avaliación

Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra musical, e ser quen de interiorizalo.

Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e signos relacionados coa expresión musical.

Distinguir os elementos que integran unha obra música e poder falar de termos coma: textura, tonalidade ou tempo.

Recoñecer e valorar a música popular e a música culta coma unha evolución ao longo do tempo.

3.3. BLOQUE 3 : A TEORÍA MUSICAL

Contidos

1. Signos que modifican a duración. Calderón. Ligadura de prolongación. Puntillo.

2.- As grafías e os termos da expresión musical: elementos para a interpretación e o fraseo: ligaduras, picados...

O movemento ou tempo: las indicacións metronómicas. Os termos que indican un movemento uniforme. Os termos que indican unha variación do movemento. Termos que indican a suspensión da regularidade do movemento. Termos que restablecen o movemento.

O carácter.

A dinámica os matices.

3.- O ritmo das obras musicais.

As danzas: allemande, bourrée, chacona, gallarda, gavota, giga, minueto, pasacalle, pavana, polonesa, rigodón, siciliana, zarabanda, bolero, mazurca, tarantela, valse etc.

As danzas na música tradicional galega: muñeira, xota, mazurka, pasodobre.

4.- A harmonía: a tonalidade. O ciclo de quintas e as armaduras. Tons relativos.

Funcións tonais. Os acordes. A modalidade. Os intervalos: cuantificación dos intervalos. Consonancia e disonancia. Acordes básicos.

As cadencias: perfecta, semicadencia, imperfecta, plagal, rota, a terceira picarda, as cadencias disimuladas.

As escalas: la escala maior. As escalas menores: harmónica ou principal e melódica. A escala cromática.

5.- O ámbito sonoro das claves. Nomenclatura e representación gráfica.

6.- Las grafías contemporáneas.

Criterios de avaliación

Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación, os termos relacionados co ritmo e coa ex-presión musical.

Recoñecer e ser quen de explicar nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. Diferenciar elementos harmónicos e melódicos nunha obra e poder falar sobre eles a un nivel básico.

Coñecer o emprego das claves e as grafías usadas na música contemporánea.

Recoñecer o ritmo das danzas más características da música occidental

Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

Identifica nunha partitura elementos relacionados co ritmo e coa expresión musical.

CCL Sabe construir un acorde e falar de aspectos relacionados cos tonalidades.

CMCCT

Coñece termos que fan referencia ao tempo musical. CCEC

Recoñece nunha partitura os termos que fan referencia á dinámica.CCL

E quen de relacionar danzas cos seus ritmos característicos buscando información en internet CD

Sabe identificar grafías nunha partitura de música contemporánea.CCL

Contidos mínimos

Coñecer algún termo que faga referencia á dinámica, tempo e carácter.

Ler en dúas claves.

Saber construir un acorde.

Explicar a construcción dunha escala.

Temporalización

Todos aqueles aspectos relacionados coa linguaxe musical serán traballados ao longo de todo o curso dependendo das partituras empregadas.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Presentación de traballos en grupos para o resto da clase.

Probas escritas. (Exames)

Valoración dunha actitude axeitada e de respecto nas actividades grupais.

Manter o silencio para propiciar un bo ambiente de traballo.

Cantar e tocar individualmente algunha das obras do repertorio proposto.

Actuacións diante de outros alumnos do centro.

Elaboración de traballos, composicións ou materiais, segundo o tema que esteamos a tratar.

3.4 BLOQUE 4 A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN

Contidos

A música como medio de comunicación e de expresión artística e persoal.

Improvisación e composición de pezas musicais, a partir de elementos musicais traballados previamente na aula.

Interpretación vogal individual, a capella ou con acompañamento instrumental.

Elaboración de arranxos para cancións. Interpretación colectiva de obras a capella a unha e dúas voces.

Interpretación en grupo de obras musicais cos instrumentos da aula, mantendo o tempo e as indicacións da partitura.

Realización de ritmos, interiorización do pulso a través de actividades de danza e movemento.

Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de patróns rítmicos básicos.

Participación activa na organización e realización de actividades musicais en diferentes contextos

Criterios de avaliación

Realizar exercicios psicomotrices e improvisar estruturas rítmicas.

Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio, seleccionados entre os propostos polo alumnado.

Respectar as normas que rexen a interpretación en grupo, e participar activamente e con aproveitamento nas interpretacións.

Unha vez feita unha avaliación inicial, será valorada a progresión ao longo do curso de cada alumno co instrumento escollido por el.

Traer material a clase (instrumento e partituras) para poder traballar esta parte da asignatura. Manter unha actitude axeitada nas audicións, xa sexa como espectador ou coma interprete.

Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización.CCEC

Mantén unha actitude positiva cara a música e os seus compañeiros. CSC

Compórtase de xeito adecuado en diferentes contextos.CSC

Emprega unha técnica apropiada no instrumento elixido, xa sexan os que hai na aula de música ou os que aporten os propios alumnos. CAA

Aplica unha técnica vocal axeitada para cantar entoando e afinando correctamente.CAA

Emprega as partituras como medio para poder tocar unha melodía/obra.CL

Contidos mínimos

Interpretar como mínimo de dúas cancións do repertorio traballado na clase.

Demostrar os progresos instrumentais ou vogais ao longo do curso a partires da avaliación inicial.

Temporalización

Por mor ao carácter eminentemente práctico desta materia, esta parte será traballada ao longo dos tres trimestres.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Presentación de traballos en grupos para o resto da clase.

Probas escritas. (Exames)

Valoración dunha actitude axeitada e de respecto nas actividades grupais.

Manter o silencio para propiciar un bo ambiente de traballo.

Cantar e tocar individualmente algunha das obras do repertorio proposto.

Actuacións diante de outros alumnos do centro.

Elaboración de traballos, composicións ou materiais, segundo o tema que esteamos a tratar.

3.5. BLOQUE 5: AS TECNOLOGÍAS APLICADAS AO SON

Contidos

Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.

Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcionas asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.

Tipos de software musical: editores de partituras (noteflight, musescores), secuenciadores

(Audacity), programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.

Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Realización de sonorizaciones a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.

Criterios de avaliación

Coñecer nocións básicas sobre acústica.

Realizar traballos e exercicios empregando as novas ferramentas de escritura e procesamento do son.

Estándares de aprendizaxe e relación coas competencias clave

Emprega unha linguaxe apropiada falando dos son harmónicos. CL

Utiliza de un xeito básico programas de escritura musical coma: *musescore*, *flightmusic*,... CD

Emprega de forma autónoma programas coma Audacity.

Contidos mínimos

A serie harmónica

Modificar un arquivo de son co programa Audacity.

Temporalización

Terceiro trimestre.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Presentación de traballos en grupos para o resto da clase.

Probas escritas. (Exames)

Valoración dunha actitude axeitada e de respecto nas actividades grupais.

Manter o silencio para propiciar un bo ambiente de traballo.

Cantar e tocar individualmente algunha das obras do repertorio proposto.

Actuacións diante de outros alumnos do centro.

Elaboración de traballos, composicións ou materiais, segundo o tema que esteamos a tratar.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O desenvolvemento das clases de música asentaranse no aspecto práctico-teórico que require a materia. Ámbolos dous aspectos irán unidos, non concibidos como independentes en complementarase no proceso ensino-aprendizaxe.

Cada unidade irá acompañada como mínimo dunha interpretación instrumental ou vocal na que se traballen os aspectos conceptuais na práctica. No caso de 3º ESO (cuns contidos tamén históricos) cada unidade contará como mínimo cunha peza da época correspondente, arranxada polifonicamente para os diferentes instrumentos da aula a ser posible cunha evolución nas dificultades de texturas, ritmo, ámbito... ó longo do curso.

Dende o departamento considero que se deben abordar sempre que sexa

possible tódolos conceptos musicais dende a práctica e esa será a nosa postura de cara á unificar os criterios do departamento.

Na metodoloxía entendese como ineludible a asistencia ós concertos didácticos e a participación dos nosos alumnos en concertos nos que eles sexan os intérpretes. Estes dous tipos de concertos convértense en algo puntual (3 ó ano) pero non por iso menos importante de cara o desenvolvemento e preparación deses nas clases e a avaliación dos mesmos.

4.1. Orientacións metodolóxicas para a materia

- Implementaranse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co gallo de conseguir que todos acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. En particular, favorecerase o traballo individual e o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e riguroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido nunha diversidade de contextos.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación obligatoria como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a preparación para a ampliación dos estudos. O alumnado da ESO debe adquirir, ademais, un manexo axeitado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
- Fomentarase a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
- A actividade docente fomentará a realización e exposición de tarefas por parte dos alumnos que esixan a aplicación de métodos de investigación apropiados.
- A acción docente incluirá as estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal ecolectivo de ideas.
- O proceso de aprendizaxe esixirá a procura de información, a análise da información facilitada polo profesor ou buscada polo alumno, así como a capacidade de sintetizar a mesma e transmitila con corrección.
- Favorecerase a capacidade de expresarse correctamente en público por parte de los alumnos, tanto nas exposicións verbais como á hora de interpretar e acompañar distintas pezas, así como o uso do debate como recurso que permita a

xestión da información e o coñecemento e o desenvolvemento de habilidades comunicativas. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura e as tecnoloxías da información e a comunicación.

- Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto en no que se refire ao contido, como ao soporte.
- Recoméndase o uso do portafolio como ferramenta de avaliación continua, así como para potenciar a autonomía e o pensamento crítico nos alumnos.

A metodoloxía de Música será eminentemente práctica e mesmo sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada á correcta interpretación de pezas tanto vocais como instrumentais.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados coa análise de partituras, pezas, etc.

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS DE MÚSICA | |
|---|-------------------------------------|---|
| PARTIR DA SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNO | | Empregaranse diversas técnicas (tormenta de ideas, resolución de cuestións, lecturas, escoitas previas...) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles errores na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir engadindo novos coñecementos de maneira lóxica. |
| CONSTRUIR APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS E FUNCIONAIS | INSTRUMENTOS | <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos coñecementos de linguaxe musical previos. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas sistemáticas previas a abordar unha partitura. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Grao de coñecemento das obras seleccionadas para a escoita. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Valoración das ideas previamente formadas polo alumnado sobre a música moderna e a música galega. |
| APRENDER A APRENDER | | A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos –memoria comprensiva- e a súa funcionalidade, de xeito que poidan relationalos coa súa contorna real. |
| | INSTRUMENTOS | <ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades de comprensión e motivación cunha secuencia lóxica e progresiva que xere un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Vinculación dos contidos coa contorna real do alumno, por exemplo a través da asistencia a concertos didácticos. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas mentais, etc.). |

| PRINCIPIOS | ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS DE MÚSICA | |
|----------------------------|-------------------------------------|---|
| APRENDER A APRENDER | | Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mesmo. |
| | INSTRUMENTOS | <ul style="list-style-type: none"> • Selección de noticias e datos relevantes para cada unidade empregando as TIC. |

| | | |
|-----------------------------------|--------------|--|
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de problemas utilizando os coñecementos adquiridos. • Realización de traballos de investigación sobre os aspectos más relevantes da música culta, da música popular e da música moderna, que en ocasións deberán expoñer en público, para favorecer a comunicación e a linguaxe escrita e oral. • Integraranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as redes sociais no desenvolvemento das distintas tarefas propostas, o que permitirá a consecución de coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa contorna dixital. |
| ATENDER A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS | INSTRUMENTOS | <p>Utilizarse unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Plantearanse actividades de reforzo para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos e actividades de ampliación para os alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos. • Empregarán recursos diversos e agrupamentos flexibles de alumnos e organizaranse e aproveitaranse adecuadamente os espazos. Aplicarase unha metodoloxía cooperativa na que o traballo se realiza en común por un grupo de alumnos, desenvolvéndose as tarefas en equipo. • Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares. |

4.2. Estratexias

A diversidade metodolóxica aconsella empregar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contenidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a

acadar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizárnse esquemas, diagramas y mapas conceptuais, entre outros recursos.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrentar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestiós nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización dos valores actitudinales desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas suscitados.

As actividades a realizar poderán ser:

Q. Resolución de problemas ou exercicios.

R. Comentario de texto.

S. Realización de mapas mentais e esquemas.

T. Visualización de diferentes modos de interpretación de partituras.

U. Creación de partituras e acompañamentos sinxelos, guiados polo profesor.

V. Actividades de investigación nas que o alumno/debe recabar información en Internet.

W. Trabajos monográficos.

X. Outros.

4.3. Actividades didácticas

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da asignatura. Indicaranse os obxectivos e contidos máis importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos dos alumnos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios, crucigramas, etc.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- **Introdución á unidade de traballo co gallo de motivar aos alumnos/as.**

Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarse a súa relación co resto de contidos xa abordados ou aínda pendentes de estudio. Clarificarse o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedural e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que

utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:

- ⇒ Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.

- ⇒ Lectura do índice de contidos de cada unidade.

- **Análise dos coñecementos previos dos alumnos.**

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito preténdese predispoñelos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestiós iniciais poderanxe realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

- ⇒ Plantexamento de actividades iniciais de comezo da unidade.

- ⇒ Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.

- **Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.**

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose nos apuntes. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dun xeito atractivo, clara, buscando a participación de todos os alumnos, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo no aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras en Internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e en especial **as clases invertidas**.

As clases invertidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedimental dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

- **Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas.**

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o apreso. Estas actividades iranse suscitando a medida que se desenvolvan as unidades e dun xeito gradual, de menor a maior grado de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno. Todo este

traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
- ⇒ Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe más lentos.
- ⇒ Actividades de ampliación más complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe más rápidos que requirirán un esforzo de indagación e do uso das TIC.
- ⇒ Actividades relacionadas coas clases invertidas.

- **Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.**

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades a realizar serán:

- ⇒ Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.
- ⇒ Actividades de apoio e reforzo das clases invertidas.

- **Variedade de instrumentos didácticos.**

A presenza de distintos formatos (apuntes, recursos dixitais, textos, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

- **Resumo e síntese dos contidos da unidade.**

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaránse os contidos estudiados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso utilizaranse:

- ⇒ Preguntas que figuran ao final de cada unidade.
- ⇒ Actividades de ampliación e reforzo.
- ⇒ Ferramentas TIC para afondar os coñecementos.
- ⇒ Mapas conceptuais.

- **Criterios de avaliación e progreso do alumnado**

É moi importante comunicar con detalle ao alumnado os criterios de avaliación que aplicaremos, a súa temporalización e a súa instrumentalización. Neste sentido, farase saber sempre a puntuación asignada a cada actividade concreta e a cada cuestión ou exercicio de cada proba obxectiva (por escrito e de destreza interpretativa) que se realice. Para cada unidade, comentaremos co alumnado, o progreso que vai efectuando, as dificultades pendentes por superar e os conceptos, estándares e competencias nos que debe profundar. Isto permitiralle coñecer en todo momento a situación do proceso de aprendizaxe en que se atopa, facilitará a clarificación dos obxectivos pendentes por conseguir e fará que tome conciencia

das súas posibilidades e das dificultades por superar, propiciando a construcción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.

Nesta proposta didáctica búscase a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliación. Con iso preténdese facer más dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos.

4.4. Recursos e materiais

Neste apartado cada profesor recollerá unha serie de materiais e recursos que permitan complementar e reforzar a súa actividade docente. A modo meramente orientativo menciónanse:

- ✓ **Material de consulta na aula e na biblioteca escolar.**
- ✓ **Revistas e periódicos.**
- ✓ **Outros recursos e materiais.**
- ✓ **Recursos TIC**
 - Recursos online na plataforma.
 - Ordenador con canón proxector.
 - Vídeos e curtos de películas.
 - Procesador de textos.
 - Software de deseño de presentacións.
 - Software de notación musical.
 - Software de edición de audio/vídeo.

Outros recursos serán : instrumentos musicais, apuntes e partituras, presentacións en powerpoint proxeccións de vídeo e calquera material susceptible de facilitar o proceso de aprendizaxe.

A continuación enuméranse os recursos materiais xerais :

1. Recursos pertencentes a aula:

Contarnos cunha aula de música con dotación musical da Xunta, máis o mercado polo departamento.

- Xilófonos e metalófonos soprano, contralto e baixo.
- Carillóns soprano e contralto.

Timbal escolar grande e pequeno, bongós, pandeiro pequeno e mediano Pequena percusión: Pandeireta, caixa chinesa, triángulos.

- Teclado electrónico, guitarra, atrís, frauta soprano, discos, vídeos..

Materiais aportados polos alumnos e que deben de traer as clases:

- caderno diario
- carpeta de partituras

5. CONTIDOS

- A música no cine, radio, televisión, publicidade e outros medios multimedia.
- Clasificación da música de cine: orixinal – préstamos, obxetiva – diexética.
- Funcións da música no cine. Evolución da música cinematográfica dende o cine mudo a actualidade. A “B.S.O.”
- Visualización de películas ou fragmentos representativos das diferentes funcións da música no cine.
- O musical cinematográfico, evolución ata a actualidade, artistas destacados
- A música na radio e na televisión, a música en distintos tipos de programas e as funcións que desempeñan: sintonía, cabeceira, cortinas, etc.
- Función da música na publicidade. Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e do estudio de diferentes anuncios.
- A música nos novos productos multimedia. Os videoxogos.
- Interpretación de música incidental cos instrumentos da aula, utilizando os coñecementos de lingua xe musical, armonía, formas musicais, etc para a interpretación e o análise.
- Sonorización de imaxes fixas ou de fragmentos de vídeo.

- Os referentes musicais.
- Preferencias musicais, márketing e fórmulas de difusión de música.
- A crítica musical, a crítica medios de comunicación. Lectura e comprensión de críticas musicais, comprensión de términos aplicados habitualmente a crítica musical, a necesidade de ser críticos coa crítica
- Música popular, urbana e patrimonial. Conceptos.
- A música popular en España e en Galicia: cantautores, música vocal e instrumental, os instrumentos, luthiers, a música de baile, xéneros, a música tradicional hoxe. O folk. artistas destacados, diversidade de tendencias.
- Manexar o equipo de megafonía do centro en actividades diversas.
- Interpretación e arranxos de música patrimonial.

- A música popular urbana: o Jazz, características e periodización, recoñecemento auditivo das características de cada período. Artistas destacados.

- O Rock. Nacemento, e evolución dende os anos 50 ata a actualidade, O Rock nos EEUU, en Europa e en España, intérpretes máis importantes,
- O Pop e outras músicas, música caribeña e de orixe latinoamericana, o Hip Hop
- A música e as novas tecnoloxías: o MIDI, programas de edición de partituras de audio e de vídeo.(Encore, audacity, Movie Maker)
- Modificación de archivos MIDI, conversión de MIDI en audio,gravación e edición de audio.
- Sonorización de vídeos ou de presentacións de imaxes.
- Interpretación, gravación e edición de standars de Jazz

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación será continua no que respecta á práctica musical. Partiremos a comezo do curso dun nivel adaptado aos coñecementos previos do alumnado e chegaremos a fin de curso a un nivel que dependerá da progresión de cada alumno e colectiva de todo o grupo. Neste sentido darase tanto valor á propia progresión de cada alumno coma ao nivel acadado por cada un deles.

No aspecto de linguaxe musical a avaliación tamén será continua pois iremos construíndo sobre as bases sentadas no primeiro trimestre.

Nas probas teóricas deberán obter polo menos un 5. No caso de non superala poderán facer una recuperación. Se non é superada unha parte da asignatura poderá ir a fin de curso e examinarse das partes non superadas. No caso de non superar a materia na convocatoria de Xuño, deberán presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro con toda a asignatura.

A asistencia a clase será obligatoria por tratarse dunha asignatura enfocada ó aspecto práctico, desenvolvéndose principalmente na aula. As porcentaxes para establecer a nota da avaliación serán:

Actividades escritas: caderno, traballos individuais e colectivos, probas escritas: 40%

Actividades prácticas: interpretación instrumental e vocal, creación musical e utilización de recursos dixitais, danza e expresión corporal: 40%

Aspectos actitudinais: 20%

O desenvolvemento das clases de música asentaranse no aspecto práctico-teórico que require a materia. Ámbolos dous aspectos irán unidos, non concibidos como independentes en complementarase no proceso ensino-aprendizaxe.

O fin da materia é levar á práctica os coñecementos adquiridos (musicais e actitudinais).

Co respecto o método de avaliación empregaránse estratexias de diferente índole dada a cantidade de elementos a avaliar. As diferentes ferramentas proporcionan información dende puntos de vista diversos.

1. Faranse **probas prácticas** onde se avaliarán as interpretacións dos alumnos cunha nota de 0 (se non fai a proba) ata 10. Nelas terase en conta o traballo diario, a evolución e tamén o resultado final. Ditas probas faranás os alumnos de xeito individual ou en grupo dependendo de cada peza e valorarase o do ritmo, o mantemento do tempo e pulso, o axuste a melodía da partitura e a calidade do son. Estas probas suporán o 25 % da nota final.

2. Realizaránse **probas escritas** individuais. Nelas recolleránse os diversos temas impartidos e traballados na clase incluíndo **proba de audición** onde se valorará que o alumno sexa quen de encadrala no seu período histórico exacto, recoñecendo a ser posible a obra en concreto; compositor, a súa forma musical, instrumentos que nela ocorren toda a información que poda deducirse da audición. Suporán o 25 % da nota final. Ditas probas escritas serán puntuadas tamén de 1-10. Nelas recolleránse diversas cuestións sobre os conceptos impartidos e traballados na clase.

Respecto á valoración destes contidos terase en conta os seguintes **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

- Desaxuste da resposta respecto ao preguntado na proba escrita (a resposta será valorada cun 0).
- Desorganización na exposición á hora de desenvolver os coñecementos (restarase ata un 20% da valoración global da pregunta.)
- Ausencia de referencias cronolóxicas ou palabras-conceptos claves (restarase ata un 25% da valoración global da pregunta).
 - Mala presentación (restarase un 10% da valoración global da proba)
 - Faltas de ortografía (por cada 10 faltas restarase 1 punto da proba)
- 3. O 20% restante obterase da observación por parte do profesor: revisión do caderno, exercicios, **traballo na clase, comportamento**, material (carpeta de partituras, caderno e frauta), traballos de recollida de información escrita e oral..

O profesor levará un rexistro diario e valorará as actividades e exercicios realizados polos alumnos na aula.

Aclarando os seguintes **CRITERIOS DE PROMOCIÓN:**

- b. A nota obterase de facer a suma dos tres apartados coas súas porcentaxes

correspondentes (50% parte teórica e práctica 30% traballo do grupo e interese pola mellora da técnica instrumental e 20% o traballo diario e actitude

b. Unha cualificación inferior a 3,5 en calquera dos aspectos avaliables traerá como consecuencia unha nota global de insuficiente (4,3,2,1)

c. Cunha actitude valorada como negativa polo profesor non se fará media co resto de apartados e o alumno será valorado negativamente (Insuficiente). Dito criterio xustificase totalmente baseándonos na importancia do:

- Silencio como elemento imprescindible para a interpretación musical.
- Respeito ás interpretacións e intervencións do profesor e dos compañeiros.

d. Sen xustificante médico non se repetirán exames teóricos.

e. O departamento daralles a opción ós alumnos que teñan a avaliacións suspensa de facer unha proba de recuperación na primeira semana da seguinte avaliación. En xuño farase unha proba de recuperación ós alumnos que teñan dúas avaliacións suspensas. Os que teñan tres (non recuperando ningunha ao longo do curso) deberán presentase a proba extraordinaria setembro.

f. A nota para aprobar a recuperación e os exames extraordinarios é o 5.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades nos tempos de lecer e na preparación e implicación na organización de actividades musicais.

b. O tratamento á diversidade e os resultados obtidos. Analizando os resultados acadados.

c. O protagonismo do alumnado. Teranse en conta se conseguín que os alumnos teñan a iniciativa na organización dos diversos concertos propostos durante o curso.

d. Actividades na aula: Mediranse se as actividades propostas motivan e conseguén o seu obxectivo na programación.

e. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos en cada grupo, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.

f. A experiencia como docentes nos diferentes grupos , recollida na memoria de final de curso.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E

AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Materia pendente:

O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente dos diferentes cursos. Tendo dous alumnos de terceiro con música pendente de segundo e tres alumnos en cuarto con música pendente de terceiro.

Repartirase os contidos mínimos en dúas partes e realizaranse dous exames ao longo do curso. No caso de non aprobar así, realizaranse tamén un exame final e, de ser o caso, outro exame extraordinario en setembro.

A principios de outubro o xefe de departamento reunirase cos alumnos de pendentes e explicaralles os plans de traballo para conseguir, cos diferentes exames de recuperación, acadar os obxectivos fixados.

Exame de setembro

As probas extraordinarias de setembro serán análogas ás realizadas ao longo do curso e versarán sobre os contidos mínimos da materia impartida.

Haberá unha proba de carácter teórico e outra proba de carácter práctico. Na proba de carácter práctico o alumno interpretará tres cancións das traballadas durante o curso de 6 que debe preparar.

A cualificación irá de 0 ao 10 e para ser avaliado positivamente haberá de acadar a lo menos 5 puntos.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase en cada un dos grupos nas primeiras semanas. Por niveis será a todos os alumnos, e realizada de forma conjunta polos profesores que dean nese mesmo nivel.

As medidas a adoptar de xeito colectivo serán decididas polo profesor de cada grupo en concreto, contando co departamento de orientación e atendendo ás necesidades dos discentes.

As probas consistirán en avaliar o coñecemento dos conceptos básicos de linguaxe musical e parámetros do son ademais de as súas destrezas a través de exercicios de pulso e ritmo básico. en diferentes grao de dificultade dependendo do nivel.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nesta materia, a atención a diversidade é fundamental xa que as ferra entas nas que se basea (práctica vocal, instrumental e corporal) levan consigo unha

importante porcentaxe de aptitude.

A atención parte das actividades cotiás, con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumnado e establecer a través da correspondente avaliación inicial as súas aptitudes e carencias.

Por outra banda na aula de música decote existen agrupamentos do alumnado para a realización de diversas tarefas (creatividade, improvisación, práctica instrumental) o que pode propiciar a inclusión destes alumnos con dificultades no seo dun grupo máis compensado ou con outros de nivel similar.

De tódolos xeitos a atención a diversidade na aula é constante e na nosa materia moi necesaria pero sempre tendo en conta a integración. Dita integración é moi importante coidala sobre todo a hora de realizar as prácticas vocais e instrumentais en conxunto. En ditas obras sempre hai unha parte adecuada ós alumnos con maiores dificultades, pero integrada no conxunto da obra.

A programación contempla un tratamento xeral dentro da clase e integrado nas mesmas do alumnado con necesidades educativas especiais: procedente doutras rexións ou países e con necesidades educativas especiais, discapacitados físicos e psíquicos.

Alumnos procedentes doutras rexións ou países:

Os que máis dificultades presentan na nosa materia son ós que se lles une o desconecemento do idioma coa carencia de coñecementos musicais

(por carecer deles no seu país de procedencia, ou por teren estas ensinanzas só un enfoque teórica). Neste caso daráselles un reforzo tanto a nivel práctico musical:

-Introdución ó manexo dos instrumentos.

-Introdución á lectura e uso do linguaxe musical

O nivel de vocabulario musical poderase aplicar en galego, castelán ou inglés.

Trala avaliación inicial o departamento coñecerá con que alumnos conta e a súa problemática e tomará as medidas oportunas. Tendo en conta as necesidades desde alumnado faremos:

C 1. Adaptación curricular.

C 2. Actividades de reforzo no aula

Estamos a aplicar o protocolo establecido polo departamento de orientación para alumnos con dislexia e TDH diagnosticado. Como se contempla en dito protocolo adaptamos os exames ó alumnado que necesita este tipo de atención a diversidade.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A interdisciplinariedade da música facilita o tratamiento da educación en

valores. Na súa relación cos temas transversais, os contidos da materia para a ESO son tratados a partir de procedementos (sobre todo a audición, as expresións instrumentais, vocais e corporais) eminentemente prácticos, chegando dende eles a conceptos e prestando unha destacada atención as actitudes.

Con respecto a educación ambiental, esta é tratada en tódolos cursos relacionada coa **contaminación acústica**. O ruído, a contaminación acústica é tratado como tema transversal día a día na nosa materia xa que a música require do seu antagonista o silencio para a súa execución.

Polo tanto as apartacións da música a educación ambiental pódense concretar a través do traballo da relación son-silencio. Tamén cos contidos relacionados coa construcción de instrumentos con materias de reciclaxe (2º ESO).

Con respecto a educación para a saúde temos en conta que a práctica musical realizase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o noso propio corpo. A través do movemento, incluído en tódolos cursos da ESO (agás 1º), obtense una posición e ton muscular correctos.

Vivimos día a día o coñecemento da voz e dos seus cambios que coinciden coa etapa da secundaria. Falase a cotío da necesidade da hixiene vocal ,(non berrar...) promovendo a adopción de hábitos de vida más saudables evitando vicios que afecten o aparato fonador e respiratorio. A través dos contidos de anatomía e fisioloxía do oído e do aparato fonador trátase a necesidade de adoitar condutas determinadas na hixiene e coidado dos órganos da audición.

Se falamos da igualdade de sexos, a educación musical non está relacionada co sexo xa que todos se poden expresar por igual a través dela. A través da música pódese ver a necesidade de complementariedade dos dous sexos a hora do canto o baile.

Ben é certo que os contidos de 3º Eso non axudan moito a este equilibrio xa que a historia musica é a historia dos compositores (homes) . Polo tanto queda na nosa man incluír sempre que sexa posible novas figuras compositoras femininas das diferentes épocas.

Con respecto a educación para a paz e a tolerancia, este tema transversal mantén unha presenza constante na programación a través

dunha dobre vertente:

1. De cara as persoas do entorno (respectando as normas á hora da práctica musical)

2. As diferentes culturas estudiadas (a partir da práctica, audición de obras, construcción de instrumentos doutros lugares e zonas do lonxe).

Se falamos da educación para o ocio debemos ter en conta que debido o aumento do tempo libre faise necesario inculcar o alumno o sentido do ocio e o

aproveitamento do tempo a través das actividades lúdico-musicais extraescolares.

Con respecto a educación do consumidor temos en conta que o consumo da música é algo habitual entre os adolescentes e que están influenciados polas mensaxes publicitarias e a moda. Por isto convén desenvolver neles una actitude crítica ante o fenómeno musical. O tratamento deste tema transversal realizase aumentando a consideración persoal de cara a música e costumes de Galicia, aumentando así a súa capacidade de elección a hora de consumir música. Tamén comprendendo a beleza doutras culturas.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

O departamento de música participará activamente nas actividades organizadas polo centro dentro da medida do posible: entroido, Nadal, festas locais... Tamén estudiará a posibilidade de facer actividades complementarias ou extraescolares, como a asistencia a concertos, como público e como intérpretes.

Celebrase na medida do posible o día da música cunha pequena actuación na vila de Camariñas, baixo o nome de “musiqueando”, actividade coordinada en Galiza e España o 26 de abril.

Tamén se buscará a participación nos concertos e actividades que organiza “ASOMÚSICA”, polos meses de abril ou maio.

Audicións de membros da comunidade educativa que interpreten algúns instrumentos, canten ou practiquen algunha modalidade de danza.

A medida que avance o curso e mellore o coñecemento do contexto da comarca procurarase realizar algunha actividade que poña en valor o patrimonio musical e cultural.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN. AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Este Departamento levará a cabo reunións mensuais sen prexuízo de calquera outras necesaria/s para coordinar, intercambiar experiencias ou tratar calquera tema que sexa considerado relevante.

Ademais o departamento analizará:

-A porcentaxe de aprobados e das cualificacións obtidas polos alumnos.

-O nivel de coñecementos, lectura e interpretación acadado polo alumnado.

14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Estes estarán baseados na medida dos seguintes puntos:

- a. A motivación do alumnado e a súa participación en actividades propostas.
- b. Actividades na aula: Medir se as actividades propostas motivan e conseguem o seu obxectivo na programación.
- c. Avaliación. As porcentaxes de aprobados e o grao de consecucións do obxectivos, constatado a partir dos resultados acadados polo alumnado na avaliación ordinaria e tamén extraordinaria.
- d. A experiencia como docente no grupo que imparto, recollida na memoria de final de curso.